

2026



CATÁLOGO DIXITAL
DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

A danza de Galicia non para. Os seus profesionais, as persoas que a crean e a executan, bríndannos anualmente unha selecta carteleira de espectáculos que medra en cada ano en variedade, temáticas e estilos. E que tamén aumenta, paso a paso, en posibilidades de encontro co público, dentro e fóra do noso territorio.

Este catálogo *Danza Galicia* non é outra cousa que o reflexo desa realidade: do enorme talento galego nesta disciplina. Unha calidade que dificilmente se pode valorar na súa xusta medida desde unhas páxinas, por moito que a xa terceira edición desta publicación compile 137 títulos de 55 formacións artísticas en activo. As cifras constitúen moito máis que unha listaxe de pezas, tanto individuais como colectivas, que prestan testemuño do magnífico momento creativo que vivimos na actualidade. Tamén, no seu conxunto, nos están a revelar un rico panorama de propostas en repertorio a cargo de artistas que levan a cultura galega á modernidade de formas, á máxima versatilidade de exhibición e a dinámicas colaborativas entre compañías, á vez que avanza en inclusión e accesibilidade.

Convidámosvos a comprobar todo isto desde aquí pero, sobre todo, nos escenarios.

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude - Xunta de Galicia

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n

15707 Santiago de Compostela

Tel: 881 996 078 / 077

agadic@xunta.gal | industriasculturais.xunta.gal

ÍNDICE

AMARELO CÍA.	04	FRAN SIEIRA, COMPAÑÍA DE DANZA	75
AMPARO MP DANZA CONTEMPORÁNEA	06	FURIA SOTELO.....	79
ARTÍSTIKA PRODUCCIONES	09	IXA	82
AY, CARIÑO!	11	JULIA LAPORT RIVAS	85
CALI DANZA	13	KIRENIA DANZA	87
CAN CUN QUINQUÉ	15	LABORATORIO ESCÉNICO	91
CÍA AÍDA COLMENERO DÍAZ	18	LA GUAJIRA	94
CLARA FERRAO DIZ	22	LA MACANA	97
COLECTIVO DEXEITO	25	LAURA LLAUDER	100
COLECTIVO GLOVO	27	MARCIA VÁZQUEZ	102
COLECTIVO LA VELETA	31	MARTA ALONSO TEJADA	104
CONSTANCE HURLÉ	33	NELSON QUINTEIRO PRODUCIÓNS	107
CRIS BALBOA	36	NOA COVELO	109
CRISTINA MONTERO	38	NOVA GALEGA DE DANZA	111
DANIEL RODRÍGUEZ CIA	40	ÓSCAR COBOS COMPAÑÍA DE DANZA	115
D'ELAS	43	PABLO VÁZQUEZ	117
DESFOGA	45	PAULA QUINTAS CÍA.	119
DETERMINADA COMPAÑÍA	47	PISANDO OVOS	122
DISICEN.CÍA	49	PROXECTO MORRIÑA	124
ELAHOOD	51	PUNTO Y WAACK	126
ELVI BALBOA	53	RAQUEL FERRADÁS	128
ENÉSIMA	56	SIL PRODUCCIONES - ARTES EN MOVIMIENTO ...	130
ET SUSEIA DANZA	58	SÕA	134
EUDANZA	60	TANGO EN GALICIA	136
EVA COMESAÑA	62	TANIT COBAS	138
EXIRE	65	TUATHA	140
EXPERIMENTADANZA	69	VACABURRA	142
FÉLIX FERNÁNDEZ	72	DIRECTORIO	146


AMARELO

AMARELO CÍA.

 www.amarelo.es


 [@amarelo.cia](https://www.instagram.com/amarelo.cia)

 [@amarelo_cia](https://www.youtube.com/@amarelo_cia)

 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Lilian Portela

 610 10 68 08

 lilian@amarelo.es

SOBRE A COMPAÑÍA

Amarelo Cía. é unha compañía de artes escénicas especializada en espectáculos de danza para público xuvenil e familiar.

En outubro de 2025 estrea *O arcón de Noa*, o seu primeiro espectáculo de danza para público familiar.



DURACIÓN
40 minutos

PÚBLICO
Infantil e familiar

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

O ARCÓN DE NOA

Noa é unha nena que vive coa súa nai e non ten con quen xogar. No seu arcón garda os xoguetes que xa non a entreteñen. Todo parece vello e apagado no seu mundo solitario.

Pero un día, sen decatarse, activa un encantamento e entra no mundo máxico que habita no arcón, onde os xoguetes cobran vida e un ser misterioso goberna sobre eles.

Dispoñible obradoiro de danza asociado ao espectáculo para nenas, nenos e familias impartido por Raquel Ferradás.

TEASER

[*O arcón de Noa*](#) 



AMPARO MP DANZA CONTEMPORÁNEA

🌐 amparomartinezpaz.com

📷 [@amparo.martinez.5623](https://www.instagram.com/amparo.martinez.5623)

📘 [Amparo Martinez](https://www.facebook.com/AmparoMartinez)

📺 [@amparomp7139](https://www.youtube.com/channel/UCamparomp7139)

📍 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Amparo Martínez Paz

☎ 659 07 21 91

✉ parumartinez@yahoo.com

SOBRE A COMPAÑÍA

O solo-danza é o formato da proposta escénica, onde a creadora re-toma a memoria e habita o presente. As súas creacións falan da vulnerabilidade, da fragilidade, de saír da zona de confort para achegarse á transformación, ao cambio, deixando a porta aberta ás artes vivas que nutren o que sucede.



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Adultos

CONTRATACIÓN

Amparo Martínez Paz – 659 07 21 91

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

PF SITE-SPECIFIC 023

O pasado en *PF site-specific 023* é un relato que se asoma no presente. O meu agora é espido, con moita escoita, sen présa; busca a intimidade no espazo e mergúllase no silencio ata que xorde o son. Acontece o tacto e o contacto que debuxa o movemento fluído no corpo dispoñible/libre. O corpo fala polo miúdo. Gusta de escoitar, observar, sentir... e brota o movemento que fisga, remexe, tenta... O corpo agradece o silencio, a espera... abraza o barullo. O "estar" sen máis non o amola. O corpo é permeable. Esperta a dúbida. Asoman as contradicións, bo alimento na procura.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+15 anos

CONTRATACIÓN


Amparo Martínez Paz – 659 07 21 91

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN 2º semestre 2026

DOMITILA

Domitila meteuse no meu corpo o día que escoitei o relato desta muller galega que pasou o mellor da súa vida fuxindo por apoiar a guerrilla republicana. Unha muller comprometida e moi sensible coa arte, os afectos... Domitila tiña un soño de xuventude: aprender a tocar a guitarra. Gozaba coa música e co baile, bailaba soa nas festas da aldea sen medo a ser xulgada. Era unha muller coa necesidade de abrirse a alguén que a puidese escoitar. Co tempo deime conta de que na miña historia persoal tamén hai reclusión, aínda que por outros motivos. Así que neste espectáculo se trazan pontes entre a historia de Domitila e a miña propia para explorar ecos e reflexos entre pasado e presente, entre represaliada política e vocación acoutada. En escena conto co acompañamento dos músicos Fito Ares e Ber Martínez.



OUSAR

En *Ousar* dou un paso máis, saio da zona de confort. É unha peza de danza contemporánea que xorde do interese por explorar como enfrontar o risco do movemento espontáneo, o que fai ter unha conexión co presente/agora. A música en *Ousar* xoga un papel esencial, froito da gravación dunha improvisación colectiva do trío Grus Grus baseada nun estudo de guitarra. A introdución rítmica e a melodía dan lugar á improvisación musical e de movemento. Boa oportunidade para explorar, probar, observar, escoitar...

DURACIÓN
25 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Amparo Martínez Paz – 659 07 21 91

TIPO DE ESPAZO Non convencional


DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano




A R T Í S T I K A


PRODUCCIONES

ARTÍSTIKA PRODUCCIONES

 artistikamovemento.es

 [@artistikamovemento_](https://www.instagram.com/artistikamovemento_)

 [Artística Movemento](https://www.facebook.com/Artística.Movemento)


 Cambre, A Coruña

SOBRE A COMPAÑÍA

Somos Artística Producciones, unha compañía de danza emerxente con sede en Galicia, codirixida por Nerea Andrés e Juan Miguel Hernández.

CONTACTO

Nerea Andrés

 604 95 82 16

 direccion@artistikamovemento.es



SAIAS DO MAR

Saias do mar é unha peza de danza contemporánea que homenaxea a muller galega como forza ancestral ligada ao mar. Inspirada na Ruta Traslatio, a obra transforma o corpo nun territorio fluído onde memoria, identidade e legado se moven como as augas atlánticas.

TEASER

[Saias do mar](#)

ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA

DURACIÓN
35 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Nerea Andrés – 604 95 82 16

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN A partir de marzo 2026



ALICE

Alice é un espectáculo multidisciplinario que adapta a novela clásica de Lewis Carroll mediante danza, música e teatro. A protagonista emprende unha viaxe emocional entre realidade e fantasía, na que se abordan temas da adolescencia, mentres os personaxes máxicos a guían no seu crecemento.

DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Infantil e familiar

CONTRATACIÓN

Nerea Andrés – 604 95 82 16

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN A partir de marzo 2026



AY, CARIÑO!

🌐 www.aycarinho.com

📷 [ay_carinho](https://www.instagram.com/ay_carinho)

📍 Ouro, Lugo

CONTACTO

Diego Martínez Buceta

☎ 636 32 58 27

✉ ay.carinho.baila@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Ay, Cariño! é unha compañía de nova creación de orixe galega que desde 2023 abriga o traballo creativo conxunto de Cris Vilariño e Diego M. Buceta tras unha ampla traxectoria individual.



DURACIÓN
13 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Diego Buceta – 636 32 58 27

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

WTF!

WTF! é unha fuxida cara diante, o correr pavoroso de dúas criaturas chegadas á terra dende un planeta afastado e estraño. Ou simplemente diferente.

É unha explosión. É un entroido. É un disparate.

É unha expresión de *shock* convertida nun absurdo de ritmo frenético. Unha mestura de xogo e movemento que dende a cor e o brillo cristaliza unha idea quizais sinistra tras a néboa da festa: por que corren estas dúas criaturas? Que ven que lles fai fuxir sen pausa cara diante? Que lles aterra tanto?

Quizais non lles gusta o que ven aquí abaixo. Ou quizais esas criaturas chegadas doutra galaxia somos todos nós reflectidos nun espello inesperado. Correndo ata quedar sen alento para chegar a non sabemos onde.

TEASER

[WTF!](#)



DURACIÓN
70 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Diego Buceta – 636 32 58 27
Cris Vilariño – 622 46 85 43

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MILLO VELLO

Millo vello é unha práctica performativa onde corpos e obxectos dialogan coa música en vivo.

É un exercicio de continua tentativa de volver á sabedoría ancestral, primitiva, ao mesmo tempo que abrazamos o que forma parte da nosa realidade e contexto actual.

En realidade, esta práctica é unha carta de amor a nós mesmas e a todas aquelas persoas que se poidan sentir apeladas na busca dese lugar apracible onde habitar.

Servímonos da busca dende o subconsciente e os sonhos, creando paisaxes visuais que invitan á observación tranquila, a poñerse en tempo de árbore. Para acadar así o deleite de ser testemuña de algo que, como a natureza, vaise conformando pouquiño a pouco.


***ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA**




CALI DANZA

 cali.gal

 [@cali_danza](https://www.instagram.com/cali_danza)


 [Cali_danza](https://www.facebook.com/Cali_danza)

 [@cali_danza_consciente](https://www.youtube.com/@cali_danza_consciente)

 Lugo

CONTACTO

Emilio Mesías Farias

 626 78 34 14

 cali@cali.gal

SOBRE A COMPAÑÍA

Cali é unha compañía de danza formada por mulleres que crea pezas centradas no universo feminino. Cun estilo minimalista e poético, busca conectar emocionalmente co público e ofrecer un espazo de transformación artística. A súa obra constrúe un imaxinario simbólico e recoñecible que combina elementos da tradición coas estéticas contemporáneas.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Emilio Mesías Farias – 626 78 34 14

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

DONAS

Donas é unha poesía feita corpo, unha alegoría dos aspectos femininos da existencia encarnados no corpo da muller, un camiño en feminino que recolle as voces ancestrais e as ilumina no presente. Fala de facernos capitás das nosas vidas, dos ciclos, da vida e da morte, de sexualidade, de fondas feridas interxeracionais, de manifestos, de loita, de sororidade e de amor, sobre todo de amor.

É unha creación sostida pola transcendencia, que navega polo simbólico dando voz aos ecos do subconsciente feminino.

Donas é unha obra circular, próxima ao tronso, que envolve o espectador e crea un clima emocional aberto a todo o espazo, máis aló do marco escénico e de todas as barreiras.

TEASER

[Donas](#) 



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Emilio Mesías Farias – 626 78 34 14

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Novembro 2026


NÚA

Núa é unha peza de danza contemporánea interpretada por mulleres que explora o concepto de capas e a idea de nudez. Presenta unha escena minimalista cun centro vermello que simboliza o corazón, desde onde nacen as pulsións que marcan o ritmo da obra. O movemento transita entre expansión e contracción, nun fluxo físico e emocional. A estética sinxela reforza a sensación de esencialidade, co foco na muller e na súa interioridade. É a terceira creación de Cali Danza dedicada a celebrar e reivindicar o feminino.




CAN CUN QUINQUÉ

www.cancunquique.com

 Santiago de Compostela,
A Coruña

CONTACTO

Leodan Rodríguez Casas

 643 34 08 00

 cancunquique@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Can Cun Quinqué é unha produtora, promotora e distribuidora de danza e artes vivas, promotora do festival de danza HerDanza, Certame Coreográfico Compostela. No seu repertorio figuran obras como *Stay* (2014), *Paseo pola danza* (2016), *Hambre* (2016), *Aucentia* (2017) ou *Spotlight* (2020).



HORIZONTE

Horizonte é unha mirada ao cambio climático. Fala sobre a existencia humana e a responsabilidade que nos debe levar a tomar medidas e partido a favor do medio ambiente.

TEASER

[*Horizonte*](#) 

DURACIÓN
35 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Leodan Rodríguez Casas – 643 34 08 00

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



SPOTLIGHT

A adrenalina ante o descoñecido esperta os impulsos de alerta máis primitivos en nós.

TEASER

[*Spotlight*](#) 

DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Isabel Sánchez – 620 83 11 62

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



STAY

Stay reflicte o momento no que as circunstancias che fan cómplice dunha trama. Da implicación florece a dúbida de se ser partícipe ou non. Esta responsabilidade pesa e ten que ser cargada con coidado pois tamén é fráxil.

TEASER

[*Stay*](#) 

DURACIÓN

35 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Isabel Sánchez – 620 83 11 62

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



CÍA AIDA COLMENERO DÍAZ

www.aidacolmenerodiaz.com

[@aida_projects](#)

[Aida Colmenero Diaz](#)

[@diazcolmenero](#)

[O Barco de Valdeorras,
Ourense](#)

CONTACTO

Gerard Casas

[616 99 45 09](tel:616994509)

aidacolmenerodiaz@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Aida Colmenero Díaz é coreógrafa e directora artística, recoñecida polo seu enfoque innovador na danza contemporánea e na creación escénica. A súa obra presentouse en teatros e festivais internacionais, e colaborou como mentora e consultora en proxectos artísticos de todo o mundo. Ademais, combina o seu labor creativo co ensino, desenvolvendo novas metodoloxías pedagóxicas en artes escénicas.

Posibilidade de masterclass.

Proxección de curtas *Ella Poema*.


DURACIÓN

35-40 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Gerard Casas — 616 99 45 09

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

Conxurando o invisible

Conxurando o invisible é unha proposta escénica de Aïda Colmenero Díaz que explora a memoria ancestral e o patrimonio cultural galego a través do canto e a danza. Con alalás, aturuxos e movementos inspirados no folclore, conecta corpos, historia e terra, conxurando o invisible, honrando os desaparecidos, marxinados e emigrantes, e proxectando un mantra de respecto, xustiza e dignidade cara ao universo.

TEASER
[Conxurando o invisible](#)

DURACIÓN

80 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Gerard Casas — 616 99 45 09

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

KOLOCHI BAW

Kolochi baw, creada en 2022 en Bamaco (Malí), explora os gardiáns do tempo, a vibración e o sacrificio desde unha perspectiva colectiva. A peza reflexiona sobre o legado do imperialismo e o poscolonialismo en África, os sacrificios sociais e políticos, e a construción física e espiritual da nosa existencia. A través de danza, luz e ritual, conecta ancestralidade e modernidade, honrando os gardiáns que protexen a memoria e os procesos de creación da humanidade.

TEASER
[Kolochi baw](#)



DURACIÓN
30 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Gerard Casas – 616 99 45 09


TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

QUÉ IMPORTA EL ABISMO

Qué importa el abismo, dirixida por Aïda Colmenero Díaz e inspirada nun poema de losune de Goñi, convida a reflexionar sobre as feridas e cicatrices do corpo e a memoria. A obra cuestiona como nos enfrentamos á dor, como vivimos coas nosas marcas e que legado deixamos. A través do movemento, explora os límites físicos e emocionais, e interpela o público sobre a forma en que construímos o noso presente e futuro desde ese abismo.

TEASER

[*Qué importa el abismo*](#) 



DURACIÓN
45 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Gerard Casas – 616 99 45 09

TIPO DE ESPAZO Sala / Non Convencional


DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

TRAYECTORIA DEL POLVO VII

Trayectoria del polvo VII, dirixida por Aïda Colmenero Díaz e inspirada nun poema de Rosario Castellanos, é un canto á vida e á morte como inicio de novos procesos. A través da danza, dúas mulleres dialogan e apóianse mentres percorren a memoria das súas vidas e dos seus devanceiros. O movemento combina xestos cotiáns de Dar es Salaam, flamenco e rituais sagrados, acompañado de violín en directo, co que conecta o físico, o espiritual e o ancestral nunha celebración da existencia.

TEASER

[*Trayectoria del polvo VII*](#) 



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Gerard Casas – 616 99 45 09


TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

2 DE NOVIEMBRE, EL QUITADOR DE MIEDOS

A obra explora os medos ligados ao nacemento e á morte, así como a relación cos devanceiros, mediante un diálogo entre o terreal e o divino, guiado por unha presenza espiritual. Inspirada no poema de Stella Díaz Varín e a vida cotiá no Senegal, combina danza patrimonial senegalesa e contemporánea para mostrar que estamos en constante diálogo co invisible. A vibración alén do palpable busca sanar a emoción atrapada no corpo e permitir vivir plenamente.

TEASER

[*2 de noviembre, el quitador de miedos*](#) 



CLARA FERRAO DIZ

 @claraferraodiz


 clara.ferraodiz


 @claraferraodiz8432

 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Clara Ferrao Diz

 671 69 59 80

 d.clarodanza@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Intérprete, docente e creadora de danza contemporánea, formouse en danza clásica e contemporánea, cun mestrado en Danza e Artes do Movemento. Asistiu como docente e bailarina, continuando a súa formación, a festivais en España, Portugal, Inglaterra, Francia, Alemaña, O Canadá, Polonia, Os Emiratos Árabes, México e Eslovenia. Participou en pezas como *Garage*, da compañía Voadora, ou no musical *Galicia Canibal*. Foi premiada polas pezas *Pies de plomo*, *Ensaio amor*, *Miñaxoia* e *Lara Hierro*, e candidata aos premios Max á mellor interpretación feminina coa peza *Serrana*, da compañía Albadulake.



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Clara Ferrao Diz – 671 69 59 80

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

VESTIRME DE TI

Vestirme de ti é unha metáfora das relacións humanas e a interdependencia que se crea cando interactuamos con outros individuos.

A peza critica a exaltación da independencia que nos transmite o sistema de consumo no que vivimos e defende as necesidades de apoio mutuo nas nosas relacións.

Un dúo de danza para rúa ou espazos non convencionais que reflexiona sobre o equilibrio entre opostos.

TEASER

[*Vestirme de ti*](#)



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Clara Ferrao Diz – 671 69 59 80

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

LA CURA

Marionetas forxadas con caricias e golpes, as mans espidas.

Sostendo o corpo onde sexa, un ciclo.

Quero colapsar.

Baseándonos na complexidade das relacións humanas entre o desexo de soste-lo ou ser amado ou deixalo ir, lidando coa ausencia e a fantasía no contexto dun ambiente psiquicamente violento. A confianza, a loita interior, os sentimentos, a caída. A cura a través da dor e a vergoña ata atoparnos en porto seguro.

Espectáculo recomendado no Front@ Festival de Mushka Sobota (Eslovenia, 2024).

TEASER

[*La cura*](#)



DURACIÓN
13 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MIÑAXOIA

Un corpo, unha vibración, un golpe, unha fractura. Non me destrúe. Esta situación non se ten en conta, e eu, inxenua de min, confío en que isto vai cambiar. Ás veces todo parece invisible, só está o corpo, só o cansazo, só o movemento inesgotable que me permite recoñecer onde me atopo. A casualidade organizada abre un espazo en branco no que poder entrar. O corpo esvaécese, atopa unha nova vibración. O corpo transfórmase, haberá unha solución que descoñezo.

Miñaxoia foi premiada á mellor interpretación nos festivais DZM de Cáceres e LAC de Santander.

TEASER

[*Miñaxoia*](#) ↗

Colectivo DeXeito

COLECTIVO DEXEITO

<https://www.instagram.com/colectivo.dexeito/>

[@colectivo.dexeito](#)

[Colectivo.DeXeito](#)

[@ColectivoDeXeito](#)

[Vigo, Pontevedra](#)

CONTACTO

Pablo Vázquez Durán

Saray Alonso Amorín

☎ 697 26 06 56

☎ 610 94 84 18

✉ colectivodexeito@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Colectivo DeXeito é un colectivo de danza contemporánea fundado en 2024 e codirixido polos intérpretes e coreógrafos Pablo Vázquez e Saray Amorín. Tras anos de amizade e colaboración, decidiron embarcarse nun proxecto conxunto para darlle sentido á súa visión compartida, xa que sentiron a necesidade de expresar e contar historias desde a súa propia perspectiva, utilizando a danza contemporánea como medio. Ofrecen ao público creacións dinámicas e cargadas de emocións nas que destaca a dramaturxia e nas que se crea un espazo onde o espectador pode identificarse e empatizar cos intérpretes.



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Familiar

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

77.000

O 13 de novembro de 2002, un petroleiro liberiano con procedencia das Bahamas realiza unha chamada de socorro ante a costa de Galicia. O 19 de novembro, tras intentar afastalo das costas, partiu en dous e afundiuse, o que ocasionou un vertido de cru que provocou un dos maiores desastres ecolóxicos da historia de España.

Este desastre provocou unha mobilización popular chamada Nunca Máis, unha onda de solidariedade para limpar a costa afectada e que reclamou responsabilidades medioambientais, xudiciais e políticas.

Con *77.000* buscamos contar a historia a través da danza, creando a nosa propia representación do suceso, as consecuencias e o movemento. Á súa vez, invitamos o público a reflexionar sobre a fragilidade da nosa contorna e a importancia da acción colectiva en situacións de emerxencia.

Retratamos a realidade do pobo galego e conmemoramos todas esas persoas que axudaron á costa galega ante o chapapote.

-

77.000 estreouse o 6 de xuño de 2024 no Certame Vallecas Danza, onde recibiu unha residencia artística de Losdedae e un premio audiovisual de Ángel Garcés.

O 29 de setembro de 2024 participamos na 7ª Plataforma de Diálogos Contemporáneos do Festival DZM en Cáceres, onde recibimos unha mención compartida á mellor peza.


En novembro de 2024 recibimos o 2º premio no certame Xuventude Crea. Tivemos o pracer de participar na 10ª edición de One More Night To Show, organizado por Descalzinha Danza.

Foi seleccionada para a 38ª edición do Certame Coreográfico de Madrid, recibindo a beca BIDE e unha residencia na Sala Sabil.

En xuño de 2025 participamos no Certame Coreográfico Harria, onde recibimos o premio Compañía Emerxente e varias programacións de festivais no País Vasco e arredores.

Actualmente estamos a presentar a peza en varios festivais de Galicia.

TEASER

[77.000](#) 




COLECTIVO GLOVO

 www.colectivoglovo.com

 [@colectivoglovo](https://www.instagram.com/colectivoglovo)


 [Colectivo Glovo](https://www.facebook.com/ColectivoGlovo)

 [Colectivo Glovo](https://www.twitter.com/ColectivoGlovo)

 Lugo

CONTACTO

Hugo Pereira

 604 00 22 95

 colectivoglovo@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Colectivo Glovo é unha compañía de danza galaico-portuguesa con sede en Galicia, codirixida por Hugo Pereira e Esther Latorre. Desde a súa fundación, Colectivo Glovo percorreu diferentes países, como España, Portugal, Italia, México, Costa Rica, Francia, Indonesia ou Corea do Sur, entre outros. As súas pezas recibiron diversas mencións e premios en festivais de toda Europa. Ademais, ambos son creadores e responsables do programa de residencias Atopémonos Bailando.


DURACIÓN

15 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Hugo Pereira – 604 00 22 95
 colectivoglovo@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ALLEO

Alleo baséase na idea da atalaia.

Parte do condicionamento da «privilexiada» posición desta torre e de quen desempeñaba o papel na vixilancia.

Habítamos ambos os dous corpos: o poder que outorgaba o coñecemento do descoñecido e o que estaba por vir, así como a soidade desa posición e o peso do descubrimento do alleo.

TEASER

[Alleo](#) 


DURACIÓN

60 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Hugo Pereira – 604 00 22 95
 colectivoglovo@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Sala


DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

TABÚ

Tabú é un quinteto de danza contemporánea que debuxa cinco personaxes femininas con distintas personalidades nun cadro de Entroido. Trátase dunha peza cunha forte presenza do rural galego dos anos vinte, na que cinco bailaríns interpretan cinco mulleres mostrando o seu tabú nunha dinámica proposta para todos os públicos.

Que muller eras ti? Que muller es ti? A aparencia como posibilidade de futuro.

TEASER

[Tabú](#) 

***ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA**



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Hugo Pereira – 604 00 22 95
colectivoglovo@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

XENÉRICA

Xenérica é un solo que profunda na natureza feminina máis ancestral e salvaxe, que pretende perpetuar a figura das mulleres. É un canto ás mulleres da miña vida, que son xenéricas para a vida de todas. É unha homenaxe a nais, avoas, sobriñas e irmás, así como a todas as mulleres que loitaron insaciablemente por protexer e coidar pasando desapercibidas.



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Hugo Pereira – 604 00 22 95
colectivoglovo@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

TRIADE

Era unha vez unha sociedade que deu os deuses por mortos e que permitiu que algunhas mulleres se apoderasen de vellos símbolos.

O resultado foi un código independente, positrónico, baseado na risa, na complicidade e na linguaxe propias.

TEASER

Triade [↗](#)



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Hugo Pereira – 604 00 22 95
colectivoglovo@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ALÉN

Nun espazo suspendido entre o tanxible e o etéreo, tres figuras evocan historias ligadas aos ciclos da natureza. A través do movemento, reencarnan memorias universais esquecidas.

A peza explora un territorio onde raíces e ás se atopan, conectando os seres vivos en rituais contemporáneos. Unha danza que celebra a memoria do mundo e a súa constante rexeneración.

***ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA**



COLECTIVO LA VELETA

📷 [colectivolaveleta](#)

📺 [@colectivolaveleta](#)

CONTACTO

Marcia Vázquez

☎ 664 81 16 44

✉ colectivolaveleta@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Colectivo La Veleta, conformado por Raquel Xara, Clarissa Costagliola, Manon Jacquelin e Marcia Vázquez en 2022.

Atópanse en Pamplona, onde comezan a estudar e traballar xuntas dentro do programa da Ffactoria Choreographic Centre. Durante a súa formación conxunta desenvolven unha gran inquietude polo traballo escénico adaptado á arquitectura, desenvolvendo o seu proxecto como unha proposta de *Site Specific*. A súa última colaboración foi para o videodanza *Uholdeak*, dirixido por Olatz Larumbe, o cal viaxou e foi premiado en numerosos festivais de cinema e videodanza do territorio.



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Marcia Vázquez – 664 81 16 44

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

EL ESPACIO QUE (NO) HABITAMOS

Catro piares dunha estrutura, catro humanas sen cidade, aparecen nun espazo e marcan as distancias. Como quen mide unha casa antes de engadir os mobles. Ningún espazo é noso, pero durante un tempo parece que puidésemos vivir nel toda a vida se quedamos xuntas.

Unha viaxe a través da danza contemporánea e a arquitectura no que unhas sostemos a outras. No que outras somos sostidas por unhas.

TEASER

El espacio que (no) habitamos [↗](#)



CONSTANCE HURLÉ

🌐 www.constancehurle.com

📷 @constance_hurle

📘 Constance Hurlé

📺 @constance_hurle

📍 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Constance

☎ 620 56 41 87

✉ distribucion.constancehurle@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Constance Hurlé é unha compañía de artes do movemento de carácter multidisciplinario cuxo eixe é o diálogo entre a palabra, o corpo e a música. As súas pezas camiñan no fío da *performance* procurando unha identidade xenuína, fuxindo das categorías tradicionais de teatro, danza ou poesía.



DURACIÓN
22 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Constance – 620 56 41 87

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MIÑA PEQUENA

Miña pequena é un espectáculo de danza-teatro para espazo non convencional que adapta o relato *Manaus*, de Constance Hurlé, gañador do 1.º Premio de Micro-relatos contra a Violencia de Xénero do Concello de Ribadavia no ano 2020. Neste explóranse, dende a poesía, a danza e o son, as conexións entre psique, corpo e violencia.

O eixe é a narración dunha violación, cuxa lembranza quedará pechada nos recunchos da memoria da vítima.

A actriz adéntranos nunha íntima confesión na que quedan expostas a crueza do abuso e a fragilidade do corpo aldraxado a través da metáfora e a dureza do relato directo, en segunda persoa, dirixido ao agresor. A peza convida á reflexión sobre a cotiandade da violencia de xénero e o abuso sexual no ámbito íntimo da parella, e sobre como estas violencias deixan unha pegada no corpo, transformándoo e atravesándoo.

En escena vemos a intérprete Constance acompañada pola composición sonora en directo de Diana Longa.

TEASER [Miña pequena](#) 



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Constance – 620 56 41 87

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN A partir de outubro 2026

VIRXINIA: UNHA MULLER ESPIDA

Virxinia: unha muller espida é unha peza asociativa de danza-teatro contemporánea de carácter posdramático en fase de produción que se estrutura ao redor do concepto da violencia estética exercida sobre as mulleres, desde o punto de vista de mulleres cixénero occidentais e contemporáneas, e as implicacións sociolóxicas e emocionais que esta violencia ten sobre o xeito en que nos relacionamos co mundo e cos nosos propios corpos.



DURACIÓN
25 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Constance – 620 56 41 87

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

VÍSCERAS POÉTICAS

Peza de formato curto na que a poesía se vale da linguaxe do corpo para desenvolver unha *performance* onde se cuestiona a autopercepción do individuo «muller», reconstruída desde e por causa do ollo externo. Unha loita do interno cara a fóra, un diálogo de deconstrución, destrución, aceptación e rebeldía. Un intento de aceptar a pregunta sen resposta «Que é e como é "muller"». Os referentes son o *flash mob* da artista Yolanda Domínguez no que lles propón a unha serie de mulleres ficar paradas no medio da rúa con posturas sacadas das revistas de moda, o colectivo W.I.T.C.H. e a propia realidade e vivencias persoais da intérprete, autora da meirande parte dos textos.

Xógase coa plástica, a música, o *body painting* e a metáfora para trazar unha crítica do feminino desde o punto de vista da sociedade occidental e do que a sociedade e a familia esperan dunha «boa muller».

TEASER

[*Vísceras poéticas*](#) ↗

CRIS BALBOA

www.crisbalboa.com

[@crisbalboa](#) [Cris Bal Boa](#) [@lacristuchi](#)

[A Coruña](#)

CONTACTO

Cristina Balboa Rodríguez

[639 70 11 33](tel:639701133)

crisbalboarodriguez@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Cris Balboa é unha creadora que investiga a escena como lugar de conexión, presenza e acontecemento. O seu traballo artículase a partir de dispositivos híbridos onde corpo, palabra, música e acción conviven en tempo real, afastándose da representación para activar experiencias compartidas. As súas pezas parten do autorretrato e da autoficción como ferramentas políticas e afectivas, explorando o desexo, a precariedade, a identidade e a resistencia creativa desde o humor, a ironía e a festa. Entre os seus últimos traballos destacan *Roland mon amour*, coproducido co Centro Dramático Nacional e o Centro Dramático Galego e presentado internacionalmente, *Sinte*, estreado no MeetYou Valladolid, *Technocracia*, unha experiencia de danza colectiva, ou *O que segue*, consolidando unha práctica escénica situada, arriscada e profundamente conectada co público.



DURACIÓN
70 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Cristina Balboa Rodríguez – 639 70 11 33

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

SINTE

Sinte é unha peza de artes vivas musicais creada para espazos escénicos e non convencionais, onde a música electrónica actúa como motor dramático, a palabra como xogo e a danza como forma de liberación. A peza parte do conflito persoal co mundo para activar estados de ánimo colectivos, facendo visible unha intensidade emocional que adoita permanecer oculta. *Sinte* propón un espazo hedonista e anárquico onde bailar, expresar a angustia, a desesperación e tamén o desexo de gozar e emocionarse. En escena, a intérprete convértese nunha DJ de emocións, xerando unha experiencia compartida na que corpo, palabra e música funcionan como un todo continuo.

TEASER

Sinte [↗](#)

*ESPECTÁCULO SELECCIONADO NO PROGRAMA DE RESIDENCIAS PARAÍSO, QUE CONTA CO APOIO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
75 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Cristina Balboa Rodríguez – 639 70 11 33

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ROLAND MON AMOUR

Roland mon amour é unha peza de artes vivas en forma de *rave* escénica onde desexo, música e corpo se activan como ferramentas de resistencia afectiva. A través da autoficción e da electrónica en directo, Cris Balboa expón a fragilidade como potencia política e colectiva, construíndo un dispositivo indisciplinado que transita entre o íntimo, o hedonista e o presente radical. Con humor e ironía, a obra aborda a precariedade da creación artística, a culpa, a identidade e a necesidade de afectos nun mundo hostil. O baile e a repetición sosteñen unha experiencia compartida onde a festa se converte en pensamento colectivo.


TEASER

Roland mon amour [↗](#)




CRISTINA MONTERO


 [@cristinamonterogarcia9871](#)

 Ferrol, A Coruña

CONTACTO

Cristina Montero García

 626 56 29 86

 crismongar78gm@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Cristina Montero, intérprete, coreógrafa e profesora de danza contemporánea na Escola de Formación Actoral de Narón e dos obradoiros de danza da UDC - Ferrol.

Integrante da compañía Lastricotouses xunto con Rut Balbís.



DEIXIS

Ser a partitura de outra persoa. Observar. escoitar. Atender ás sensacións e deixar... deixar que suceda, aquí, agora.

TEASER

[Deixis](#) 

DURACIÓN
30 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Cristina Montero – 626 56 29 86

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



OUTR@

"Removámonos para non saír indiferentes".

Procurarei unha viaxe sensorial cara o imaxinario da xente. Que non sexa un mero observador do acto escénico. Que participe nel. Para así mover e remover os seus corpos, as súas emocións e que a súa mente imaxine.

TEASER

[Outr@](#) 

DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Cristina Montero – 626 56 29 86


TIPO DE ESPAZO Non convencional


DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



DANIEL RODRÍGUEZ CIA


 @danielrodriguezcia

 Daniel Rodriguez Cia

 O Porriño, Pontevedra

CONTACTO

Daniel Rodríguez

 608 86 04 80

 danielrodriguezcia@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Bailarín e creador graduado polo Conservatorio Superior de Danza María de Ávila de Madrid. A súa obra *A raíz de* gañou o premio SóloDos en 2022, foi considerada a mellor peza de rúa no festival ARCA 2023 e seleccionada pola rede Acieloabierto 2025. O seu novo traballo, *Transeúnte*, é espectáculo recomendado pola comisión de danza da Rede Española de Teatros, Auditorios, Circuitos e Festivais de Titularidade Pública e forma parte do catálogo *Danza a Escena 2026*. Ademais, realiza proxectos como director artístico e coreógrafo dos espectáculos e videoclips de artistas como Mondra, Fillas de Cassandra ou Tanxugueiras.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Daniel Rodríguez – 608 86 04 80

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

TRANSEÚNTE

O termo transeúnte fai referencia a estar de paso, a non residir máis que transitoriamente nun lugar. Por iso, poñemos o foco na dualidade entre o permanente e o transitorio nos corpos da nosa xeración atravesados polo folclore e a tradición, integrando influencias do noso contexto actual.

Transeúnte reflexiona e potencia a relación das novas xeracións coa tradición e o folclore neste mundo tecnolóxico e globalizado no que aínda habita a sabedoría innata dos nosos instintos. Celebra a diversidade cultural, resalta a nosa conexión como seres humanos e lévanos a unha viaxe que honra o pasado, vive o presente e busca e abraza o futuro.



TEASER [Transeúnte](#) 

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Daniel Rodríguez – 608 86 04 80

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

A RAÍZ DE

«O corpo, ese instrumento capaz de facer vivir hoxe as historias do onte e de permitir que nun único ser, onde habitan pasado e presente, dialoguen tradición e contemporaneidade para construír un discurso de futuro».

A raíz de nace grazas á tradición galega, mediante o canto, a música e mais a danza tradicional e a procura do seu diálogo coa danza contemporánea. Nesta peza conséguese unha simbiose entre estas dúas linguaxes e os seus contextos, achegando o pasado ao presente, a tradición ao público actual, para favorecer un maior vínculo coa danza contemporánea e a danza de raíz.

TEASER

[A raíz de](#) 



DE QUERER

Creación inspirada, desde unha visión de presente, nas diversas mostras de amor e afecto entre individuos plasmadas no canto tradicional galego. Coprodución de Daniel Rodríguez e o Festival Danza no Claustro en colaboración con Xunquereiras, de Xunqueira de Espadanedo, e Artur Puga.

DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Daniel Rodríguez – 608 86 04 80


TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano




D'ELAS


 [_d.elas](#)

 Oleiros, A Coruña

CONTACTO

Julia Laport Rivas

 603 45 82 50

 delasproduccion@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

D'elas é un colectivo integrado por dez artistas emerxentes de Galicia: Andrea Castro, Eloi García, Martín Sanjurjo, Myriam González, Nerea Balado, Julia Laport, Sabela Domínguez, Iria Casal, Noelia Mato e Diana Montserrat. Xúntanse en 2020 a causa da necesidade de desenvolver a través da colectividade e de levar as linguaxes das danzas urbanas á escena. D'elas representa a resistencia. Nun contexto social e cultural onde xuntar un grupo tan grande de artistas nun proxecto profesional resulta case utópico, este colectivo atopa a súa potencialidade na unión e na forza conxunta.



DURACIÓN
17 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Julia Laport – 603 45 82 50

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

OCCO

Occo é a primeira creación do colectivo D'elas, unha peza de medio formato para rúa ou espazos non convencionais. Trátase da posta en movemento do baleiro a través das experiencias persoais das intérpretes mediante algunhas das múltiples acepcións que presenta este concepto, dende o baleiro existencial, o encherse de valor ou o baleirarse para poder volver a encherse; ata un reflexo da sociedade onde canto máis se enche un lado do mundo máis se baleira o outro.

Non sempre é chegar e encher, ás veces é chegar e baleirar. Pero aínda despois de sacar todo, ese baleiro segue pesando. É algo que sempre nos acompaña ou desaparece cando deixamos de mirar?

TEASER

Occo 



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

É DIFÍCIL FOTOGRAFAR O BALEIRO

Este espectáculo é unha aposta por atopar se existe algo máis aló do corpo. É unha cuestión poética sobre a verdade, o centro, a transcendencia. A través das experiencias de seis corpos moi diversos atopámonos coa superficialidade da identidade, cunha busca dunha esencia que nunca se pode atrapar. As dinámicas xeradas entre estas seis intérpretes, mergullan ao espectador nun tránsito entre corpos baleiros e corpos que aluden á intuición, á transcendencia, á ilusión e que procuran máis aló da súa propia carne.

TEASER


É difícil fotografar o baleiro 


***ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA**



DESFOGA


 @desfoga_espacio

 Matías Daporta

 Cambados, Pontevedra

CONTACTO

Matías Daporta

 634 51 23 14

 desfoga.espacio@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA


Traballamos en proxectos de artes vivas, cun claro interese pola investigación de longa duración sobre temas diversos. Acompañamos os nosos proxectos de actividades pedagóxicas e de mediación coa cidadanía.



MOCAP

Unha coreografía para dúas bailarinas e unha pantalla. O espectáculo mestura danza e novas tecnoloxías para crear efectos ópticos que lle fan dubidar ao público do que está acontecendo aquí e agora.

TEASER

[Mocap](#) 

DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
+ 13 anos

CONTRATACIÓN

Matías Daporta – 634 51 23 14

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



DETERMINADA COMPAÑÍA

🌐 <https://www.ismocultura.com/compania>

📷 @determinada.co

📘 Determinada Compañía

📍 Santiago de Compostela,
A Coruña

CONTACTO

Paula Quintas

Marta Alonso

☎ 669 25 83 84

☎ 658 78 25 64

✉ ismo.cultura@gmail.com

✉ info.paulaquintas@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Determinada Compañía é un lugar de creación conxunta de Marta Alonso Tejada e Paula Quintas. Os seus espectáculos viaxan entre o circo, a comedia e a danza contemporánea, centrados nun público mozo.



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
+ 3 anos

CONTRATACIÓN

Paula Quintas – 669 25 83 84

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

NINA NINETTE

Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Pero Nina sente a falta do seu fogar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e, como en todos os labirintos, é moi fácil entrar pero moi complicado saír. Conseguirá Nina saír airosa desta aventura?

Nina Ninette é un conto iniciático que se inspira na estética do Ballet Triádico de Oskar Schlemmer (Bauhaus), de 1921, e que celebra o centenario da súa estreia danzando unha historia de beleza e rebeldía.

TEASER

[Nina Ninette](#) 

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
+ 6 anos

CONTRATACIÓN

Belém Brandido – 627 77 83 51

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

UP2DOWN

Dous cables de funambulismo e dúas bailarinas dirixidas por un pallaso.

Up2Down é un espectáculo de danza-circo contemporáneo no cal o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense: o funambulismo.

As bailarinas Marta Alonso e Paula Quintas interpretan dúas personaxes definidas polo seu status antagónico: a alta e a baixa; a funámbula, etérea e ideal, e a pallasa, terreal e mundana.

Xunto a elas, o público fará unha viaxe emocional a través dos seus desexos e aspiracións ata chegar a un punto de encontro: o equilibrio.

TEASER

[Up2Down](#) 




DISIDEN.CÍA

 @disiden.cia

 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Marcia Vázquez

 664 81 16 44

 disiden.cia17@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Disiden.Cía é un novo colectivo formado por Martín Los Arcos e Marcia Vázquez. Coincidiron en formación en danza contemporánea na Faktoria Choreographic Centre, sendo parte da terceira xeración. Este colectivo pretende ter un enfoque LGTBIQ+ que cuestione as formas (artísticas, de xénero, formais...), así como abrir o ollo crítico a través da danza e, se é posible, a través do humor.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+ 3 anos

CONTRATACIÓN

Marcia Vázquez – 664 81 16 44

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

BIPEDESTRUCCIÓN

Dous seres abúrranse de andar sobre os seus dous pés. Como se chegasen doutro universo, xogan a buscar cal é a súa verdadeira forma de moverse felices polo planeta terra. A única maneira de seguir camiñando será apoiándonos, máis aló dos nosos dous pés, sobre o colectivo.

Bipedestrución, un espectáculo familiar de danza contemporánea. Unha produción con beliscos de humor na procura do "quen son?", "que quero ser?".


TEASER

[*Bipedestrución*](#) 




ELAHOOD

www.elahood.com

 Oleiros, A Coruña

CONTACTO

Julia Laport Rivas


 603 45 82 50

 produccion.elahood@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía galega de danza urbana e creación contemporánea formada por Sabela Domínguez e Julia Laport no ano 2017. A compañía aposta por visibilizar as danzas urbanas como medio de expresión lexítimo na danza profesional. A perspectiva de xénero e *queer* forma parte intrínseca da súa identidade.

O seu espectáculo *Intempestiva* foi galardoado no Certame Coreográfico de Madrid (2021) e na Plataforma de Diálogos Contemporáneos, Festival DZM, Cáceres (2021).



DURACIÓN
17 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

INTEMPESTIVA

Ser *Intempestiva*.

Os corpos de Elahood entran nun xogo de identidades coa figura e a obra de Xela Arias. Xénero, identidade galega, raíces e precariedade entrelázanse para cuestionar que é facer algo de proveito.

TEASER

[Intempestiva](#) 



DURACIÓN
65 minutos

PÚBLICO
+ 12 anos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

NÓ

Teño algo importante que dicir pero aínda non sei o que é.

Nó convida o público a unha viaxe onírica, estirando e deformando o significado do que é importante. Baixo un filtro de ironía e fantasía, a compañía deixa ver pegadas do debate actual que atende á deconstrución de xénero e á conciencia de clase.

Nó é un *collage* que parte da intuición máis *naif* de dúas mulleres galegas, que se renden a ter que ser importantes. Unha proposta escénica contemporánea que invita á reflexión colectiva das preocupacións actuais.

TEASER

[Nó](#) 

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA




ELVI BALBOA

 [__elvibalboa__](#)


 [Elvi Balboa](#)


 [Elvi Balboa](#)

 Sanxenxo, Pontevedra

CONTACTO

Elvi Balboa

 670 32 44 63

 elvibalboacia@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Elvi Balboa, coreógrafa galega con base en Barcelona e formada no Institut del Teatre, entende o corpo como un territorio de exploración crítica e sensorial. O seu traballo dialoga coa música electrónica, a ciencia ficción e a arquitectura da luz para expandir os límites do movemento.

Nas súas creacións –*Am I What?*, *Anöa* (candidata aos Premios Max) e *Baunbak*– investiga o clímax e a enerxía do corpo contemporáneo incorporando dispositivos como as *jumping boots* amplificadas, concibidas como extensión tecnolóxica do corpo e xeradoras de vibración sonora e visual.



DURACIÓN
22 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

BAUNSBAK

O corpo rebota, impúlsase, sobrecárgase. A enerxía medra ata o exceso e, nalgún punto, precisa recuperarse. *Baunsbak* é unha viaxe física entre a exaltación e o colapso, entre a inercia do movemento e a busca do equilibrio.

Coas *jumping boots* nos pés, cada impacto amplifícase e transforma o chan nun resoador vivo. O son, captado e distorcido en tempo real, constrúe unha paisaxe vibrante na que a danza non só se ve, senón que tamén se escoita e se sente.

O corpo é impulsado constantemente, atrapado nunha dinámica de expansión e contracción, o que esixe resistencia, adaptación e entrega.

TEASER

[Baunsbak](#) 



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08


TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ANÖA

Anöa contéplase como un ritual que ten a vontade de mostrar a máscara que nos impoñemos, a vulnerabilidade de cinco corpos en movemento que anhelan chegar ao clímax. Un espectáculo de danza pensado como un acto de insistencia e resistencia, unha acumulación de enerxía sensual, movemento e voz para lograr unha liberación.

TEASER

[Anöa](#) 

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
17 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Elvi Balboa – 670 32 44 63

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

AM I WHAT?

Durante a viaxe, os corpos móvense polo desexo de ser vistos. Liñas. Emerxe o ego entre a suor da multitude. A vida é unha viaxe de corpos que desexan e se moven. Unha voz di: «Ver a secas», como prólogo dunha cadea de reaccións... *Am I what?* é un canto á individualidade do ser humano fronte á colectividade que trata de engulilo. A linguaxe da danza mostra nesta ocasión unha profunda reflexión sobre o consumo de corpos, de ver corpos e de competir por ser o corpo máis visto.

TEASER

[*Am I what?*](#) ↗



ENÉSIMA

<https://www.instagram.com/enesimaescenicas/>

[@enesimaescenicas](#)

[Lugo](#)

CONTACTO

Bal Castro

☎ 634 48 42 98

✉ enesimaescenicas@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

A Enésima é unha compañía centrada nas artes do movemento que nace da necesidade de explorar novas canles de comunicación artística a través da experimentación corporal, sonora e escénica. Tras formarse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg) en Teatro Físico e no programa intensivo de Danza Contemporánea e Creación de Oficina Zero (Porto), Inés Santos e Bal Castro deciden unirse para crear un espazo de liberdade creativa no que poder expresar as súas inxerencias artísticas, deixándose atravesar pola vulnerabilidade que supón estar en escena e o cuestionamento constante de «por que fago isto?».

E facelo.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+ 14 anos

CONTRATACIÓN

Inés Santos – 698 16 58 59

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

TRANSPARENTAR

Transparentar é un espectáculo de danza-teatro no que se formula unha pregunta principal: a xeración de cristal é fráxil ou transparente?

É unha peza creada por dúas artistas da xeración Z na que exploramos, mediante a poética corporal e cunha linguaxe desenfadada e irónica, outras cuestións como:

Que é ou por que se caracteriza esta xeración?

O sufrimento individual é colectivo e interxeracional?

Somos nós os que estamos esgotados ou é o sistema?

Estas preguntas teñen algo en común: a chamada xeración Z ou xeración de cristal, formada por persoas que naceron aproximadamente entre finais dos anos noventa e comezos dos 2000.

A frustración xeneralizada debido a que o futuro polo que apostar é cada vez máis incerto fai que tamén se nos denomine a xeración esgotada. Sen forzas para loitar e sen forzas para sacrificarse.

A xeración de mocidade actual é a primeira que fala e expón a necesidade da saúde mental, e que entra no debate sobre se realmente somos fráxiles ou se facemos transparente o sistema e todas as súas carencias.

Créase así un espazo de diálogo e diversión que permita conectar con diferentes xeracións e que poida axudar ao público a viaxar por diferentes atmosferas, desde o artificial ata a introspección e a liberación.

Proxecto producido en El Palacio - Residencias Artísticas e Acción Cultural, financiado pola Fundación Municipal de Cultura, Educación e Universidade Popular do Concello de Xixón e polo Colectivo RPM de Galicia dentro das Residencias Paraíso.


TEASER

Transparentar [↗](#)

***ESPECTÁCULO SELECCIONADO NO PROGRAMA DE RESIDENCIAS PARAÍSO, QUE CONTA CO APOIO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIIS – XUNTA DE GALICIA**




ET SUSEIA DANZA

 @etsuseiadanza


 etsuseiadanza


 @etsuseiadanza326

 Santiago de Compostela,
A Coruña

CONTACTO

Gustavo Couto

 609 20 33 85

 etsuseiadanza@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Adoptamos o nome da nosa compañía dun saúdo de ánimo entre peregrinos/as que, traducido, significa «Vamos alá» ou «Máis alá». Xusto por iso, cremos que o noso nome é un fiel reflexo do que pretendemos facer: ir máis alá no mundo da danza, mesturando tradición con modernidade. Expresamos a necesidade de unir dous estilos de danza, a tradicional galega e a contemporánea.


DURACIÓN

Versión sala: 50 minutos
Versión rúa: 28 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Gustavo Couto – 609 20 33 85

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

O QUE NON SE VE

O que non se ve representa, a través da danza, a forza e a loita da muller na sociedade actual. Pon no punto de mira diferentes micromachismos que conviven no noso día a día. É unha mestura de danza tradicional e contemporánea que pretende mostrar o que existe debaixo das vestimentas tradicionais e no interior das mulleres do noso país. Con esta obra, imos un paso máis alá (*Et Suseia*) para conxugar estilos moi diferentes pero á vez con moito en común. Achegamos tamén unha nova sonoridade nas melodías que acompañan o espectáculo en directo e mergullámonos na percusión tradicional, pero enfocada cara a un aspecto máis actual. Tamén mudamos as letras das melodías para facer textos propios, nos que amosamos o poder da muller na tradición oral.

As coreografías foron creadas desde a contemporaneidade da danza e mesturadas co son da música de tradición oral, na que se identifica a enerxía das mulleres do rural galego.

TEASER [O que non se ve](#) 

[O que non se ve \(de rúa\)](#) 



EUDANZA

🌐 www.laurallauder.com

📷 @laurerlaura

📘 laurallauder

🎵 @laurallauder

📺 @laurallauder7161

📍 Caldelas de Tui,
Pontevedra

CONTACTO

Laura Llauder

☎ 629 64 53 02

✉ laurallauder@yahoo.es

SOBRE A COMPAÑÍA

Eudanza é unha das primeiras compañías de danza inclusiva en España. A través dos espectáculos presentados no ámbito nacional e internacional, axudou a centos de persoas da compañía, formada por crianzas e mozos do centro neuropsicopedagóxico O Pelouro, a mellorar o seu benestar físico, psíquico e emocional.

Laura Llauder é a directora e fundadora da compañía, cunha ampla traxectoria como bailarina, coreógrafa e danzaterapeuta profesional.

En 2003 bailaron na praza de San Marcos (Venecia) no Entroido veneciano, poñendo en alza o valor da inclusión e a integración nas artes escénicas.



CUERPOS EN TRAMA

Este espectáculo nace para favorecer a inclusión e a integración nas artes escénicas de persoas con diversidade funcional, incluídas con persoas sen dificultades. Así, prodúcese unha integración real e de fondo dentro do proceso de creación artística, coa danza como gran ferramenta terapéutica.

DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Laura Llauder – 629 64 53 02

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



EVA COMESAÑA

www.linktr.ee/evacomelasanha

[@nu...eva](#)

[@evacomesanasanro](#)

[@evacomesana6334](#)

[Vigo, Pontevedra](#)

CONTACTO

Eva Comesaña

[660 78 83 76](tel:660788376)

eva.cs93@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía de danza contemporánea con varias creacións ás súas costas, en colaboración con outros artistas. Amais de crear e distribuír, desenvolve e xestiona diferentes proxectos culturais e eventos.



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Eva Comesaña — eva.cs93@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

TERRAFIRME

Peza que navega entre diferentes mares para atopar tradición, costumes e calma na terra. Oda dancística ás nosas ancestras, que puxeron o corpo para loitar e ser resistencia, camiño e alento. Póñense de manifesto as labores das nosas avoas, tanto no mar como na terra, onde o corpo é o campo de batalla, corpo que se ve modificado polos esforzos, as repeticións, o peso e a resistencia; corpos que celebran en terras rurais e mariñeiras.

TEASER

[Terra firme](#) 



PERDER A LINGUA

per'ðer a 'lingwa

DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

perderalingua@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano


PERDER A LINGUA

Perder a lingua é un espectáculo interdisciplinario de longo formato para público adulto, pensado para salas e teatros.

É un dispositivo escénico que conecta corpo - paisaxe - linguaxe, un vínculo máximo e poético onde a onda de son descrita pola fala dunha persoa aseméllase á paisaxe coa que se relaciona.

É unha peza interdisciplinaria e conceptual, que propón unha viaxe sonora, visual e sensorial baseada na interacción e retroalimentación entre danza, música, visuais, escenografía e iluminación.

TEASER

[Perder a lingua](#) 

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Eva Comesaña — eva.cs93@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano


COMO ALABAR EN VOZ ALTA


Como alabar en voz alta é un solo que trata a espiritualidade en contraposición coa crueldade que esta trae traducida en relixión.

Mestura o celestial coa brutalidade, o orar, o ofender coa penitencia e o castigo.

Dous puntos opostos que se relacionan nesta peza onde a danza contemporánea se xunta cunha linguaxe de danzas urbanas, nadas para expresar enfado e incomodidade, para tratar de entender e reflectir esta dualidade.

TEASER

[*Como alabar en voz alta*](#) 



EXIRE

🌐 <https://www.instagram.com/ciaexire/>

📷 @ciaexire

📘 Cía. Exire

📺 Cia. Exire

📍 A Coruña

CONTACTO


Fany Vázquez

☎ 630 86 77 12 / 696 72 30 16

✉ exirecia@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía de danza contemporánea situada na Coruña. Ten vinte anos de experiencia en artes escénicas e leva xirando por toda a xeografía galega desde 2006. Está formada polas creadoras Estefanía Gómez e Alba Fernández.



FUGACES

Momentos que chegan á túa vida para darche algo e que logo se van. Aprender a soltar, a que as cousas flúan.

Momentos, persoas, emocións fugaces que inspiran a reflexionar sobre a túa vida e motivan a darlle sentido ao teu camiño.

Quero rematar esta viaxe suando, rindo, agarrada á súa luz e con moito amor.

DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Fany Vázquez – 630 86 77 12

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



MÉDULA

Falamos de volver a nós, de sentirnos como almas ceibes destinadas a transmitir historias, viaxes de vida, a nos mover entre murmurios, mais sen medo de nos afrontar co que non queremos. Seguimos os nosos instintos, ouveamos para recoñecérmonos e uliscamos a mesma pegada para seguir o camiño desexado. Somos elas, e elas, nós.

TEASER

[Médula](#) 

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA

DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Fany Vázquez – 630 86 77 12

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



DURACIÓN
18 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Fany Vázquez – 630 86 77 12

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

NEXOS

Nexos desvélanos a complicidade que existe entre dúas persoas, as súas memorias compartidas, a busca incesante desa lembranza que as sostén no tempo. Un percorrido polos momentos que quedaron gravados no noso corpo e que deixan ver dous seres reais, imperfectos, peculiares, fermosos...

Soltamos o peso da mirada dos outros e recoñecemos para amosar o que escollemos ser. Á fin e ao cabo, gozar de ser un mesmo, a única persoa coa que se está obrigado a vivir.

Nexos recibiu o Premio á Mellor Peza no festival Diálogos Contemporáneos de Cáceres (decembro de 2019).

TEASER

[Nexos](#)



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Fany Vázquez – 630 86 77 12

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ON

De súpeto, un só dedo acende cada parte do meu corpo. A súa enerxía leva as miñas vísceras a experimentar unha sacudida tan potente como a forza mínima que provoca violentos furacáns. Son os xestos sutís que envolven a atmosfera de caricias e enerxía vital.

Invítote a que entres no meu corpo sen ter paixón. Entrás e percorres, observas, estouras.

Ven, ven... Mexe o meu corpo para que se mova diferente e me transporte a outro lugar.

TEASER

[On](#)



TRES

Tres pezas nun mesmo espazo, interpretadas por tres mulleres que emprenden unha viaxe efémera que xorde dunha enerxía que nos move.

Danza e música para conectar con iso que nos une a todas, coa nosa esencia.

Tres é a unión de tres das máis importantes pezas da compañía Exire: *On*, *Fugaces* e *Nexos*. Unidas a través da danza e da súa propia esencia.

DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Fany Vázquez – 630 86 77 12

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



EXPERIMENTADANZA

📍 Santiago de Compostela,
A Coruña

CONTACTO

Elisa Sarsiada Benítez

☎ 676 23 86 50

✉ experimentadanza@yahoo.es

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía profesional de danza que nace no ano 2003 baixo a dirección de Carlota Pérez (coreógrafa, bailarina e historiadora da arte), quen tras traballar xunto ao produtor e deseñador gráfico Alex Piñeiro na creación e organización de proxectos culturais e festivais internacionais de teatro de rúa, inicia a súa andadura como coreógrafa cun primeiro espectáculo de danza contemporánea, *A escondidas*, que se estrea en Póvoa do Varzim. Desde esa data ata hoxe traballou con diferentes bailaríns: Armando Martén, Branca Blanco, Alexis Fernández, David Loira, Katerina Valera e fixo colaboracións coreográficas con: Damián Muñoz, Gema Díaz, Chevy Muraday, entre outros.



DURACIÓN
45 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Elisa Sarsuada Benítez – 676 23 86 50

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

HABITADOS

Habitados fala daquilo que nos conforma e que tamén cuestiona a invasión do noso territorio, deses lugares íntimos que ás veces son conquistados sen permiso. Unha reflexión sobre o corpo como refuxio e como lugar de protección. A procura dun lugar común entre os intérpretes que nos faga sentir como na casa, como seres realmente "habitados" que somos.



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Elisa Sarsuada Benítez – 676 23 86 50

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

PICASSO: A OLLADA NAS MANS

Espectáculo de creación colectiva, dirixido pola actriz, directora, bailarina e coreógrafa Carlota Pérez e producido pola Fundación Emalcsa e a Concellería de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña.

O espectáculo xira arredor das etapas artísticas máis salientables de Pablo Picasso. Sobre o escenario, un director de teatro na procura dunha nova historia e unha das súas mulleres que amosa o estudo agora cheo de po. En medio, van aparecendo as personaxes das súas obras, destacando a súa infancia, a etapa azul en París, a época rosa, o Cubismo e rematando co famoso *Guernica* e a pomba da paz como símbolo dunha nova época na vida do autor.

TEASER

[*Picasso: A ollada nas mans*](#) 



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Elisa Sarsuada Benítez – 676 23 86 50

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

NO ME TOQUES EL SECRETO

Clara, Carlota e Pío descubren nesta viaxe que hai lugares que se os tocas, rexorden emocións profundas que nos achegan máis e nos liberan dos nosos medos.

A presenza en escena de Clara, unha bailarina de 18 anos con parálise cerebral, fainos reflexionar sobre os espazos que habitamos e sobre como nos adaptamos a eles. Con este espectáculo, Clara e Carlota desafían á súa vez a nosa imaxinación e os nosos prexuízos como espectadores, nunha peza que cuestiona ideas preconcebidas sobre a dependencia e a existencia real de independencia como posibilidade de vivir sen a outra persoa.

TEASER

No me toques el secreto [🔗](#)



FÉLIX FERNÁNDEZ

🌐 www.felixfernandez.org

📷 [@felixfernandezfernandez](https://www.instagram.com/felixfernandezfernandez)

📘 Félix Fernández

📺 [@felixfernandezx2](https://www.youtube.com/channel/UC...)

📍 A Coruña

CONTACTO

Félix Fernández

☎ 636 46 20 39

✉ felixfernandezx2@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Félix Fernández é un artista multidisciplinario, licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo.

Paralelamente formouse en danza contemporánea e *performance* con Mari-na Abramóvic, Mónica Valenciano, Rut Balbís, Elena Córdoba e Esther Ferrer.

As súas actuacións foron programadas no CCCB de Barcelona, no Festival TNT de Terrassa, no Festival Escenas do Cambio de Santiago de Compostela, no Festival ALT de Vigo, no Festival Corpo(a)terra de Ourense, no Círculo de Belas Artes de Madrid, no Instituto Cervantes de Tokyo ou en Matadero Madrid, entre outros.



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Félix Fernández – 636 46 20 39

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

CONSTANTES DO PORVIR

Este espectáculo interdisciplinario, que mestura danza, *performance*, espazo audiovisual, música electrónica e voz falada e cantada, busca atravesar os desexos e intuicións da nosa sociedade en relación co tempo futuro, busca estruturar un ensaio sobre o que aínda descoñecemos pero que empezamos a albiscar, busca cimentar pontes temporais co noso mañá; busca, en definitiva, abrir unha xanela aos nosos anhelos e inquedanzas en relación con ese tempo no que nos proxectamos como sociedade, como unha viaxe de aproximación aos nosos desexos distantes e probables.

Constantes do porvir forma parte dun proxecto máis amplo de Félix Fernández titulado *Uncanny Valley*.

TEASER

[*Constantes do porvir*](#)



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Félix Fernández – 636 46 20 39

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

50 MINUTOS DE SIMULACIÓN PROGRAMADA

50 minutos de simulación programada é unha experiencia escénica desenvolvida baixo unha estética de videoxogo, habitada por dous avatares que realizan accións vinculadas ás súas respectivas identidades *cosplay*. Bastará con este par de personaxes de identidades polarizadas e unha escenografía que nos remita a todos eses non-lugares que habitamos a diario para que o noso disco duro interno atope arquivos de memoria estrañamente similares ao que presenciemos en escena.

TEASER

[*50 minutos de simulación programada*](#)



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Félix Fernández – 636 46 20 39

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano


XAVIER A TRAVÉS DE MIN

Xavier a través de min é un proxecto de artes vivas de corte autobiográfico e non-documental co que quero traer ao presente o legado inmaterial que o meu irmán, Xavier Fernández, me deixou en vida e poñer ao descuberto todo o sedimento da vida do meu irmán en min.

As principais ferramentas para vehicular este contido tan emocional son a danza, o espazo sonoro-musical, a voz, o texto e a instalación, que, mesturados, compoñen unha experiencia vivencial moi próxima a un lugar de intimidade case confesional, onde atopar un espazo de liberación enerxético pouco habitual.

Xavier Fernández traballou ata a morte en relación coa consciencia: era psicólogo, criminólogo, investigador e psiconauta, profesor de ioga e de meditación, e tamén guía en procesos de procura interior.

TEASER

[*Xavier a través de min*](#) 

***ESPECTÁCULO SELECCIONADO NO PROGRAMA DE RESIDENCIAS ATOPÉMONOS BAILANDO, QUE CONTA CO APOIO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS – XUNTA DE GALICIA**



FRAN SIEIRA, COMPAÑÍA DE DANZA

🌐 www.fransieira.com

📷 [@fransieiradanza](https://www.instagram.com/fransieiradanza)

📘 [Fran Sieira, compañía de danza](https://www.facebook.com/fransieira.compania.de.danza)

📺 [@fransieiracompaniadanza9296](https://www.youtube.com/channel/UCfransieiracompaniadanza9296)

📍 Ribeira, A Coruña

CONTACTO

Francisco Sieira González

☎ 605 08 93 41

✉ fran@fransieira.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Fran Sieira, Compañía de Danza fundamenta o seu traballo nunha revisión do folclore galego desde un marco contemporáneo. A compañía estuda o movemento a través do baile tradicional e utilízao como o seu principal mecanismo de expresión, creando unha linguaxe do movemento de vangarda como reflexo da nosa tradición. Desde 2017 e a través da creación colectiva, achega proxectos artísticos con vocación social e con moi boa acollida entre o público. Desde as marxes, a compañía crea espectáculos que teñen a vontade de xerar conciencia social e devolverlle á sociedade aquilo co que a inspirou.



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
+ 13 anos

CONTRATACIÓN

Emi Candal – 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

CEIBE

Ceibe afonda na relación entre o xénero e a nosa tradición, así como nas súas formas de operar nos diferentes ámbitos cotiáns, incluída unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional galego. Trátase de entender o que o xénero é para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. Reflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos, impostos socialmente, para establecer distancia co normativo, arrastralo cara ás marxes e, desde aí, formular e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. Cuestiona as identidades de xénero normativas e hexemónicas para comprender e compartir que o xénero opera sobre todos os corpos.

Elenco de oito bailadoras e bailadores, dirección artística de Fran Sieira e Sergio R. Suárez, espazo escénico de Laura R. Iturralde, iluminación de Fidel Vázquez, música orixinal de MounQup (Camille Hédouin) e vestuario de Érica Oubiña.

TEASER [Ceibe](#) 



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
+ 13 anos

CONTRATACIÓN

Emi Candal – 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Primavera

DEMENTE

DeMente plasma unha realidade, un estigma e o trato dunha enfermidade marxinal: a saúde mental.

Peza coreográfica de 60 minutos de duración baixo a dirección artística de Carla Diego, cun elenco de oito bailadoras e bailadores, música orixinal de Cristian Silva, marco escénico e vestuario deseñado por Carlos Alonso e iluminación de Fidel Vázquez. Estreada en abril de 2021, obtivo sete candidaturas aos Premios Max 2022 e programouse en Camino Escena Norte 2022.

TEASER

[DeMente](#) 

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
28 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Emi Candal – 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Non convencional


DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

COREOGRAFÍAS DUN DEMENTE

Coreografías dun DeMente é un extracto de 28 minutos de duración do espectáculo *DeMente*, adaptado a espazos non convencionais. Nel plasmamos a esencia das coreografías de grupo máis representativas da obra.

Espectáculo seleccionado nos programas Red Acieloabierto 2022 e Danza a Escena 2023, programado en festivais internacionais como Vos de Lorient (Francia) en 2022 e Manizales e Medellín (Colombia) en 2023.

TEASER

[*Coreografías dun DeMente*](#) 



DURACIÓN
25 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Emi Candal – 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano


UN BAILE CEIBE

Un baile ceibe é unha peza coreográfica para espazos non convencionais, de 25 minutos de duración para catro intérpretes, codirixida polo propio Fran Sieira, quen comparte a dirección artística con Sergio R. Suárez, profesional da danza e cun mestrado de xénero e temática LGBTQI+. Música de MounQup (Camille Hédouin) con cancións de Carlos Quintá e coa colaboración de Úrsula Rial. Vestuario de Érica Oubiña e colaboración especial de Eferro.

Adaptación coreográfica do espectáculo *Ceibe* en diúrno, sen iluminación nin escenografía, onde plasmamos a esencia das coreografías grupais máis representativas da obra.

TEASER

[*Un baile ceibe*](#) 



DURACIÓN
25 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Emi Candal – 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN A partir de febreiro 2026

BENQUERER

BenQuerer é o primeiro solo de danza da compañía, no que o propio Fran Sieira, como intérprete, amosa a súa maneira de entender o movemento desde ese reflexo da tradición galega.

Peza coreográfica de 25 minutos de duración para espazos non convencionais, con dirección artística e interpretación do propio Fran Sieira. O Colectivo VACAburra, Andrea Quintana e Gena Baamonde son a súa visión externa no proceso de creación e levan o acompañamento de dirección e movemento da peza. O vestiario é de Érica Oubiña e a música pertence ao grupo galego Caamaño & Ameixeiras, como tributo a este grupo que tanto admira Fran Sieira desde hai anos.

O autocoidado emocional é o eixe central sobre o que xira este novo proceso creativo tan persoal e íntimo para o creador, no que, a través do seu propio relato, detalla a importancia do coidado, de querer-se ben, de aceptarse e respectarse a un mesmo. A xestión emocional ante a perda, ante a dor, ante as inseguridades e as dificultades que topamos no noso camiño.

***ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA**



FURIA SOTELO

🌐 www.furiasotelo.com

📷 [@furiasotelo_](https://www.instagram.com/furiasotelo_)

▶ [Furia Sotelo](https://www.youtube.com/Furia Sotelo)

📍 Allariz, Ourense

CONTACTO

Vicente Conde


☎ 671 83 96 87

✉ furiasotelocia@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Furia Sotelo é a evolución de Licenciada Sotelo, fundada en 2010.

As creacións de Furia xiran ao redor do corpo e o movemento, sempre en diálogo con diferentes artistas e disciplinas.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN
657 27 83 20

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE

Un solo de danza-teatro sobre a importancia do lugar, sobre o que non se ve pero está, sobre o esquecemento necesario e a arte de perder. Ou de perderse.

Sobre o extravío ou a arte de perderse é un solo interpretado por Nuria Sotelo e dirixido por Ana Vallés (Medalla de Ouro das Belas Artes 2024). Unha proposta íntima e plástica que convida a penetrar no espazo interior e exterior dunha muller: como espectadores e cómplices da súa maneira de construír(se), habitar, extraviarse e chegar a lugares non previstos. Movemento, palabra, obxectos e espazo sonoro combínanse para abrir un tempo suspendido que convida a contemplar, perderse e habitar outras paisaxes posibles.

TEASER

[*Sobre o extravío ou a arte de perderse*](#) ↗

*ESPECTÁCULO SELECCIONADO NO PROGRAMA DE RESIDENCIAS PARAÍSO, QUE CONTA CO APOIO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
657 27 83 20

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

SUIT(E)

Suit(e) é unha creación escénica que tece un diálogo profundo entre música e danza contemporánea. A coreógrafa e bailarina Nuria Sotelo e o virtuoso violonchelista galego Millán Abeledo –integrante da Real Filharmonía de Galicia– reinterpretan obras de Bach, Cassadó, Ligeti, Britten e Dutilleux e mais unha composición orixinal de Manuel López Jorge, creando unha ponte entre a música clásica e a contemporánea. Concibido para teatros e espazos non convencionais, este formato íntimo converte cada representación nunha experiencia escénica viva na que corpo e son se transforman mutuamente.

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
40 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
657 27 83 20

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

FÓRA DE SI

Fóra de si é un ritual escénico compartido entre Galicia, Andalucía e Navarra, onde danza, voz e son convocan presenzas pasadas para habitar o presente. «Unha creación que cruza tradición e contemporaneidade para explorar como o corpo pode ser canle, arquivo e espazo de liberdade».

Esta peza nace do encontro creativo entre a premiada coreógrafa e bailarina Luz Arcas (Premio Nacional de Danza 2024) e a creadora e intérprete Nuria Sotelo no espazo de creación A Casa Vella. Posteriormente súmanse Quique Peón, folclorista galego, investigador etnográfico, bailador e músico, e o investigador e artista sonoro navarro Xabier Erkizia, para poñer en diálogo o universo creativo de Luz Arcas coas raíces da tradición galega e a conceptualización sonora de Erkizia.



DURACIÓN
20 minutos

PÚBLICO
Familiar

CONTRATACIÓN
657 27 83 20

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

CAMIÑOS QUE PARTEN

Camiños que parten é un ritual escénico para todos os públicos que entrelaza música, danza e territorio para poñer en valor a forza silenciosa das mulleres do rural galego.

Dúas mulleres rurais, artistas e nais—a cantante e compositora Mounqap e a bailarina e coreógrafa Nuria Sotelo— celebran sobre o escenario a capacidade de criar e crear tecendo unha viaxe que une natureza, memoria e futuro.

Inspirada nos elementos conceptuais e sonoros do disco *Aquelarre* de Mounqap, nesta creación as artistas comparten escena, xogo e raíces coas súas dúas fillas, nun xesto de conciliación que une arte e vida.

i X *a*


IXA

 @ixa.danza  [Xián Martínez](#)

 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Xián Martínez Miguel

 662 29 95 75

 martinezdemiguelx@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

iXa nace como unha compañía de danza con identidade mixta entre Galicia, Euskadi e Navarra, que ten como eixo artístico a creación escénica contemporánea pensada especificamente para públicos non especialistas, traballa con dramaturxias accesibles e elementos que conectan co imaxinario colectivo. iXa xera espectáculos, proxectos de mediación e actividades anexas para conectar e crear novos públicos para a danza.


DURACIÓN

Versión inmersiva: 60 minutos aprox.
 Versión núcleo: 40-45 minutos
 Versión curta: 20-25 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Emi Candal

emicandal@urdime.net — +34 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN A partir de maio 2026

52-BLAU


52-Blau é o intento de sobrevivir a un naufraxio na inmensidade dun espazo infinito. Un lugar onde o individuo se afoga no baleiro dun océano cheo de estímulos, xente e información. Case unha oda á adaptación a unha tormenta, un corpo que se atopa coa soidade e trata de saír a flote. Esta obra habita a tristeza nun contexto onde os corpos son incapaces de comunicarse. Unha mirada que baixo a auga só consegue observar o azul intenso de ceo, o mar e o infinito. Unha balea.

TEASER

[52-Blau](#) ↗

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA

*ESPECTÁCULO SELECCIONADO NO PROGRAMA DE RESIDENCIAS ATOPÉMONOS BAILANDO, QUE CONTA CO APOIO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS – XUNTA DE GALICIA


DURACIÓN

50-55 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Emi Candal

emicandal@urdime.net — +34 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

NIK-EU 2.0

Nik-Eu 2.0 expónse como un baúl de recordos e experiencias, como un museo de realidades vividas, un espazo ordenado nunha desorde de ideas onde buscar e conectar o mais íntimo dos nosos "eus" cos de cada espectadora. Nik, "eu" na acción de posesión en éuscaro e "eu", primeira persoa do galego, conxúganse no título dunha obra con tinturas autobiográficas onde se plasman emocións e realidades vividas desde un punto de vista divertido, emocionante e íntimo. Un lugar onde a masculinidade do individuo deconstrúese para convidarnos a reflexionar sobre como a estrutura social heteropatriarcal afecta ao crecemento do ser humano desde a súa infancia ata a súa madurez.

TEASER

[Nik-Eu 2.0](#) ↗



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Emi Candal
emicandal@urdime.net — +34 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

OLLOS CARA A ADENTRO/ BARRURANZKO BEGIRADAK

Tomando como punto de partida o universo do onírico, *Ollos cara a adentro* pretende indagar na concepción surrealista do soño; ese lugar onde os límites da lóxica, a razón, a conciencia e mesmo as convencións do gusto rompen, permitindo abrir unha porta entre o mundo interior e exterior de cada individuo.

TEASER

[*Ollos cara a adentro*](#) ↗



DURACIÓN
50-55 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Emi Candal
emicandal@urdime.net — +34 619 92 03 35

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

PIONERAS / AIZINDARIAK

Por cada respiración, por cada bágoa e por cada pinga de suor. *Pioneras, The power of woman*, une nunha experiencia de danza infinitos tipos de mulleres, abandeira o clixé e destrúe o prexuízo sobre o xénero. Homenaxea as pioneiras, as que iniciaron a batalla pola igualdade, acompaña ás que seguen pelexando e conmemora ás que non tiveron a oportunidade de vencer.

Baixo a poética da modelaxe e a natureza, *Pioneras* introduce a espectadora nun universo de almas fortes e loitadoras, nun mundo único de amor e respecto por cada individuo, pero sobre todo procura transformar a individualidade do ser humano na unidade dunha sociedade igualitaria. Nesta versión superlativa e única para Galicia, nove mulleres darán voz o poder dun universo igualitario.

TEASER


[*Pioneras / Aitzindariak*](#) ↗



JULIA LAPORT RIVAS


 www.amarelo.es/extender


 [julialaport](https://www.instagram.com/julialaport)

 Oleiros, A Coruña

CONTACTO

Lilian Portela

 610 10 68 08

 julialaport@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Julia Laport é unha intérprete e creadora galega da Coruña. Comeza a súa formación en artes escénicas na súa cidade natal sendo unha nena e en 2011 emigra a Londres onde se empapa da cultura urbana, e se nutre de disciplinas como o *popping*, *hip hop*, *vogue*, *house* ou *waacking* durante cinco anos. Nos últimos sete anos especialízase no estilo de danza club *waacking* viaxando a cidades como Seúl, París, Milán, Porto ou Madrid para formarse e participar en eventos desta disciplina.



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

EXTENDER COMO SI PUDIERA

Julia Laport busca explorar dende unha perspectiva persoal, como converxen a ilusión, os límites e o corpo. Baseando a investigación na perspectiva psicanalítica da fantasía e dos límites, esta proposta busca abrir preguntas que o corpo poida responder. Poñer o corpo no borde. Poñerse no borde do corpo, na capa máis externa anterior ao outro; e entender dende aí como os límites concretan o mundo á vez que imposibilitan a expansión.

Utiliza a precisión das técnicas do *vogue* e o *popping* e o contraste coa fluidez do *waacking* e a danza contemporánea para explorar os límites e a ilusión. Explorar o non sabido, o non dito, o que non foi limitado, para explorar o desexo na súa razón pre-sensible. O movemento en puro devir.



KIRENIA DANZA

🌐 kireniadanza.gal

📷 @kireniadanza

📘 Kirenia Danza

📺 Kirenia Danza

📺 kireniadanza

📍 A Coruña

CONTACTO

Kirenia Martínez Acosta

☎ 617 65 43 32

✉ info@kireniadanza.gal

SOBRE A COMPAÑÍA

Kirenia Danza é unha compañía fundada en 2019 por Kirenia Martínez, coreógrafa, bailarina e actriz, quen codirixe paralelamente a compañía Entremans desde 2006. Nas súas creacións prima a investigación de novas expresións escénicas ligadas á linguaxe do movemento e a palabra. Actualmente combina as creacións propias con encargos cinematográficos, colaboracións literarias e proxectos formativos e de cooperación europea con outras entidades a nivel internacional.



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Xuvenil e adulto

CONTRATACIÓN

Kirenia Martínez Acosta – 617 65 43 32

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

EMIGRANTAS

Emigrantes é unha peza de danza sobre a última diáspora. Trátase da primeira entrega dunha triloxía coreográfica sobre os vulnerables que foi coproducida polo Centro Coreográfico Galego en 2020.

Na pasada década centos de miles de mozos abandonaron as súas orixes buscando contextos laborais máis favorables, experiencia que se repite e atravesa o pasado, presente e futuro da nosa sociedade. A experiencia muda, pero a última diáspora é distinta das anteriores, multipolar e multicausal.

Emigrantes é unha peza de danza que baila datos, estatísticas, poemas, vivencias, intuicións e posibilidades migrantes. É un ensaio bailado que pensa o presente e futuro das comunidades migrantes, creado desde unha óptica de muller.

TEASER

[Emigrantes](#) 

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Xuvenil e adulto

CONTRATACIÓN

Kirenia Martínez Acosta – 617 65 43 32


TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

PRIMEIRO A VIDA!

Os coidados están hoxe no centro, agora son visibles, mais sempre foron imprescindibles para manter a vida. Somos vulnerables, estamos sempre expostos e precisamos doutros corpos que nos apoiem durante a nosa vida. O corpo fala da vulnerabilidade, escríbea con xestos e desprazamentos en toda manifestación que sostén. Precisamos dos coidados dos outros para manernos con vida xuntos, en comunidade. Esta peza é un eloxio aos coidados; é dicir, tecemos o coidado en movemento e os corpos danzan unha antiga reivindicación que demanda *primeiro a vida*, ou *antes a vida*, ou *elixir a vida*, tres posibles traducións do verso de André Breton transformado nun lema nos antigos muros durante o Maio francés. Fronte á explotación, a precariedade e a morte que trouxo a pandemia, nós eliximos coidarnos e proclamamos: *primeiro a vida!*

TEASER

[Primeiro a vida!](#) 



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Xuvenil e adulto

CONTRATACIÓN

Kirenía Martínez Acosta – 617 65 43 32

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

TRES TRISTES 2.0

Tres tristes 2.0 é unha peza que traballa co repertorio da compañía cubana Danza Teatro Retazos, debullando materiais antigos de pezas como *La casa de María*, *Mujeres*, *Rosas y herencias*, *Peces en las manos* e *Tres tristes tres*. O motivo da recuperación é mostrar unha alquimia do repertorio da tradición propia que queda lonxe, case esquecida polos bailaríns que estrearon as pezas hai dúas décadas.

Tres tristes 2.0 é tamén unha reflexión sobre temáticas universais como a soidade, o encontro, a pertenza, o absurdo, a beleza, o grotesco, o misterio e a poesía. Recordos que abriron un acordo silencioso e sen texto.

TEASER

[Tres tristes 2.0](#)

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+ 16 anos

CONTRATACIÓN

Galicia: Artestudio Xestión Cultural – 630 86 77 12

Nacional: CRÉMILLO, Proyectos Culturales y Distribución de Espectáculos – 678 46 05 59

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

CICATRIZ

Cicatriz é unha peza de danza contemporánea que lle pon corpo ao poema homónimo de Antón Reixa, con coreografía e dirección de Kirenía M. Acosta. A obra parte de trescentos versos iniciados pola palabra *Quero*, que exploran o desexo como motor vital. En escena, dous corpos suturados: o do artista galego, que se inicia na danza aos 67 anos tras un accidente que o deixou en coma, e o dunha coreógrafa de orixe cubana cunha traxectoria marcada pola resistencia. A súa complicidade visibiliza o antiidadismo e promove a inclusión. A función remata cun coloquio final que favorece o diálogo directo co público.



Categorías: danza contemporánea, danza inclusiva

TEASER [Cicatriz](#)

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Xuvenil e adulto

CONTRATACIÓN

Kirenía Martínez Acosta – 617 65 43 32

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

AFECTOS

A obra *Afectos* sitúanos ante unha reflexión alegórica do patrimonio humano da migración como son o Camiño de Santiago en Galicia, o Kumano Kodo no Xapón, os corredores humanitarios de Ucraína ou as novas rutas de emigración centroamericana. *Afectos* é unha homenaxe á complexidade das emocións humanas e unha invitación a conectarnos co noso propio ser emocional. Un convite ás audiencias a reflexionar sobre a importancia da solidariedade en tempos difíciles.

Afectos é a terceira entrega da triloxía coreográfica *Os vulnerables*. Esta tríade de producións enfócase no impacto da pandemia da COVID-19 nas persoas migrantes e na súa rede de afectos.

TEASER

Afectos [↗](#)

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



LABORATORIO ESCÉNICO

🌐 <https://laboratorioescenico.gal>

📷 @laboratorioescenicocia

📘 Laboratorio Escénico Coop

📺 Laboratorio Escénico Coop

📍 A Coruña

CONTACTO

Alba Fernández Coteló


☎ 675 46 19 07

✉ administracion
@laboratorioescenicocoop.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Laboratorio Escénico é unha compañía de artes escénicas que se caracteriza pola creación de espectáculos nos que a danza, o teatro e a música (entre outras artes) se poñen ao servizo de temáticas sociais. As súas creacións teñen diferentes formatos para poder chegar a todos os espazos e a todos os públicos.

Foi creada en 2019 por Carmen Coteló (directora de teatro, actriz e mestra de teatro) e Alba Fernández (creadora de danza, bailarina e mestra de danza urbana e contemporánea).



DURACIÓN
25 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Alba Fernández Cotelo – 675 46 19 07

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MONTE

Ao sol, no monte, a terra respira. E vou creando o meu camiño. Levas todo o monte dentro.

Monte traballa pola posta en valor das historias en feminino de Cuba e Galiza, que están ligadas ancestralmente e se arraigan no respecto pola terra, pola natureza. Están intrinsecamente unidas polo fenómeno migratorio e cheas de historias que ben merecen ser contadas.

Desde a danza, a música e a palabra, atopamos unha muller forte e sabia, que coñece todos os segredos do monte: todas as herbas, todas as lendas e as beberaxes, e mantén unha forte conexión coa terra, cos tambores, coa voz e coa clave.

TEASER

Monte [↗](#)

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS – XUNTA DE GALICIA

*ESPECTÁCULO SELECCIONADO NO PROGRAMA DE RESIDENCIAS ATOPÉMONOS BAILANDO, QUE CONTA CO APOIO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
20-30 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Alba Fernández Cotelo – 675 46 19 07

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

BLUES DE MEDIANOITE

Espectáculo de danza, música e teatro para rúa e espazos non convencionais. É unha homenaxe á muller no xénero do *blues*, na que se destaca a violación dos dereitos humanos cometida naqueles tempos contra a comunidade negra.

Blues de medianoite adéntrase, con ritmo de *blues*, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento, a música e os instintos. A chamada da terra que pon en valor as grandes mulleres do *blues* e a riqueza rítmica que chega directamente desde África, sempre a través dun filtro persoal. Este é o meu *blues*.

TEASER

Blues de medianoite [↗](#)



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Alba Fernández Cotelo – 675 46 19 07

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

BLUES DE MEDIANOITE - VERSIÓN ESTENDIDA

Blues de medianoite – Versión estendida entra, a ritmo de *blues*, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento e na música, nunha viaxe no tren clandestino que conduce á liberdade. Pon en valor as grandes damas do *blues* e a riqueza rítmica que vén directamente de África, sempre desde un filtro persoal. Isto é, o noso *blues*.

É un espectáculo multidisciplinario (danza, música e teatro) que transita entre o formato escénico e o concerto. É un espectáculo feminista, que parte do histórico para chegar á intimidade de cada persoa, recreando a poética do imaxinario propio deste xénero musical grazas á luz, que nos traslada ao club, ao tren, ao cruce de camiños...

TEASER

[*Blues de medianoite - Versión estendida*](#)



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Alba Fernández Cotelo – 675 46 19 07

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

AS MAPOULAS

As mapoulas é un proxecto de investigación e creación escénica multidisciplinario que mestura danza, teatro, música, poesía e audiovisual. Unha viaxe desde a ficción dun caso particular, baseada nun feito histórico local, ata o universal.

A obra céntrase na figura histórica de Alicia Dorado, panadeira anarquista de 25 anos, e na súa casa-refuxio sita na rúa do Carme, n.º 6, da cidade da Coruña. En primeira persoa, fálanos do amor, da vida nas casas refuxio, da militancia, do compromiso, das relacións coas outras compañeiras, do barrio e da liberdade, nun contexto de gran represión que remata o 10 de xullo de 1937 coa súa morte e a de compañeiras e compañeiros nun asalto policial.

TEASER

[*As mapoulas*](#)



LA GUAJIRA


www.laguajiradanza.com


 [La Guajira](#)

 A Coruña

CONTACTO

Ana Beatriz Pérez - Betty

 650 68 15 56

 lagujira523@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía de danza contemporánea que xorde no ano 2023, formada por tres artistas de ampla traxectoria profesional e experiencia no ámbito das artes escénicas. O proxecto nace da necesidade de explorar unha linguaxe propia na que o movemento e o son dialoguen de maneira orgánica, dando vida a creacións que cruzan a danza contemporánea, a investigación corporal e a música en vivo. Apostan por pezas que indagan no humano, o ancestral e o contemporáneo, cun enfoque íntimo, físico e poético. As súas creacións exploran o corpo arquivo, a memoria e o territorio, conceptos conectados ao momento vital dos seus creadores e intérpretes. «Móvenos o sentir, o corpo en movemento, a súa vinculación co humano, co emocional, co que nos conecta á vida, ás persoas. Móvenos a tenrura, os vínculos. O corpo como paisaxe, como organismo que cambia, que muda».



DURACIÓN
17 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Ana Beatriz Pérez – 650 68 15 56


TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MINGUANTES

Minguantes é unha peza que se introduce no universo temporal de dúas persoas que van envellecendo. Corpos que transitan o terreo dos cambios, onde todo parece ir máis á présa que de costume e correr quizais xa non é unha opción; outra galaxia espera por eles.

TEASER

[*Minguantes*](#) 



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+ 12 anos

CONTRATACIÓN

Ana Beatriz Pérez – 650 68 15 56

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

BIONIC

Bionic é un espectáculo de danza contemporánea con música en directo. Un encontro poético no que a luz, o espazo sonoro e o movemento comparten universos. *Bionic* é unha viaxe que fantasía co imaxinario da ciencia ficción e os corpos híbridos. Corpos que cuestionan a súa existencia, que pretenden sobrevivir ao desgaste con segundas oportunidades. A peza desprázase nun terreo simbiótico, ao límite entre o biolóxico e o artificial. E nesta conexión, a tecnoloxía preséntase como ponte entre o humano e o posthumano.

TEASER

[*Bionic*](#) 

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
25 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Ana Beatriz Pérez – 650 68 15 56

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ANFIBIA

Anfibia é un solo de danza contemporánea e *performance* que unifica voz, espazo sonoro e movemento nun acto militante do ser e do estar, de permanecer no aquí e no agora, ao encontro dunha natureza propia e distintiva, co corpo como testemuño. Para adaptarse hai que ter valor, crear unha pel distinta, unha pel que respire, que che axude a fluír, a transitar. Adaptarse non é domesticarse; é a práctica de reencontrarse co propio ser e, alén do cambio e da muda, sentirse identificada cunha mesma. Cumprir co maior dos propósitos: seguir vivindo.

TEASER

[*Anfibia*](#) 



LA MACANA

www.lamacana.es

[@la.macana](https://www.instagram.com/la.macana)

A Coruña

CONTACTO

Caterina Varela

670 27 98 05

info@lamacana.es

SOBRE A COMPAÑÍA

La Macana é unha compañía de danza con sede en Galicia, creada en 2009 por Caterina Varela e Alexis Fernández. Nos seus máis de quince anos como compañía recibiron diferentes premios e as súas obras presentáronse nos circuítos internacionais de trinta países, colaborando con distintos artistas e teatros europeos. É habitual atopar na obra de La Macana un material físico intenso e unha relación próxima co público. A autobiografía é a súa principal fonte de inspiración.



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Caterina Varela – 670 27 98 05

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

VEN

Ven é a primeira coreografía da parella formada por Caterina Varela e Alexis Fernández, coa que iniciaron a traxectoria internacional da súa compañía La Macana en 2008 e que segue xirando dende entón, tras visitar case trinta países nos últimos quince anos. Bailada por ambos, este dúo fala do amor con maiúsculas, do equilibrio e das tensións entre dous corpos durante quince intensos minutos cheos de forza e intimidade.

TEASER

[Ven](#) 



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Caterina Varela – 670 27 98 05

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ISLA

Nun contexto de grave crise en Cuba, o artista cubano-español Alexis Fernández déixase atravesar polas súas orixes nun solo de danza creado especialmente para festivais en espazos urbanos. Nesta obra, Alexis Fernández transita pola nostalxia dunha familia ao outro lado do océano e dun pobo que, a pesar das circunstancias, resiste día a día nesta illa do Caribe.

TEASER

[Isla](#) 



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Caterina Varela – 670 27 98 05

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

SLEEPWALKERS

A guerra foi descrita como «un estado activo de confusión». Nun tempo de crecente conflito global, *Sleepwalkers* sobrevoa a nosa relación ambivalente coa violencia como especie. Navega polo caos da mentalidade perturbada de Occidente mentres desentraña a nosa capacidade tanto para a agresión como para a compaixón. O imaxinario caótico dos soños emerxe nunha néboa de guerra mentres os intérpretes mesturan danza, teatro e música en vivo nun marco sombrío que nos desafía a tomar parte.

Nun formato particular, esta peza de longo formato sitúa o público no centro de escenario para unha experiencia radical envolvente, froito da colaboración entre La Macana e Mute Comp. Physical Theatre.

TEASER

[Sleepwalkers](#) 

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Caterina Varela – 670 27 98 05

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano


NO TITLE YET

No title yet desenvólvese arredor do traballo do artista plástico francés Vladimir Cruells. Xurdiu da inqueda por descubrir novas formas de relacionarse co espazo e o movemento, e comezou a xerminar grazas ao compromiso de Carolyn Carlson co noso traballo logo de que a nosa primeira peza, *Ven*, fose programada no Atelier de París.

A invitación a residir no Centro Coreográfico Nacional que ela dirixía en Roubaix (Francia) permitiunos descubrir novas formas de producir linguaxe baseadas en pautas distintas ás que coñecemos, moi influenciadas pola particularidade de colaborar cun artista plástico.

En *No title yet*, Alexis Fernández leva o espectador a un espectáculo físico, tenro, divertido e animal, no que o corpo se move libremente ata os seus propios límites, transformando o espazo de forma natural.

TEASER

[No title yet](#) 



LAURA LLAUDER

🌐 www.laurallauder.com

📷 @llauderlaura

📘 laurallauder

🎵 @laurallauder

📺 @laurallauder7161

📍 Caldelas de Tui,
Pontevedra

CONTACTO

Laura Llauder

☎ 629 64 53 02

✉ laurallauder@yahoo.es

SOBRE A COMPAÑÍA

A compañía Laura Llauder está dirixida por Laura Llauder, bailarina profesional, danzaterapeuta, coreógrafa e coach corporal, ademais de membro do Consello Internacional da Danza.

Como bailarina solista actuou na praza de San Marcos dentro do Entroido veneciano, no Teatro Dora Stratou (Atenas), no Teatro Comunale Luciano Pavarotti (Módena), no Liceo de Barcelona, no Palacio da Ópera da Coruña, no Auditorio Mar de Vigo e no Teatro Bellas Artes de Madrid, así como en diversos festivais nacionais e internacionais como a Marató de l'Espectacle do Mercat de les Flors (Barcelona), o Festival Nova Danza (Sardegna), o evento Mascheranda (Venecia) e o Festival Alt08 (Vigo).



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Laura Llauder – 629 64 53 02

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MOVAMOR

Movamor nace da forza do amor e a danza da vida que nos une e dá sentido ás relacións humanas, unindo a paixón pola arte e o latexo do corazón.

Desde o movemento auténtico, desde o movemento do ser, dos esenciais, en estado puro, esa linguaxe artística que nos une, esa linguaxe universal que une fronteiras e culturas.

TEASER

Movamor [↗](#)




MARCIA VÁZQUEZ

 @marcia_vr  Marcia Vázquez  Marcia Vázquez

 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Lilian Portela

 610 106 808

 lilian@amarelo.es

SOBRE A COMPAÑÍA

Marcia Vázquez. Bailarina, creadora e xestora cultural. Comeza polas danzas urbanas rematando finalmente na danza contemporánea formándose en La Factoria. O seu solo *Onde pousa a humidade* foi mención especial no Festival DZM e foi seleccionada por MASDANZA en 2022. Este solo tamén xira por Costa Rica e forma parte de Danza a Escena 2024. Estrea o seu primeiro espectáculo de sala *Vaivén* no Teatro Rosalía de Castro en 2023, que xira na actualidade. Traballou en proxectos híbridos con variedade de artistas dentro do audiovisual ou a música, onde destaca *Uholdeak*, seleccionada en numerosos festivais de cinema. Forma parte dos colectivos de danza emerxente Disiden.Cía e La Veleta.



DURACIÓN
53 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN
Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

VAIVÉN

Vaivén é unha peza escénica de danza contemporánea que navega entre mareas vivas. Tras a treboada, o océano cuspe á beiramar todo aquilo afogado na profundidade. A area está chea de restos inconexos de memoria.

Será suficiente este corpo para reconstruíla antes de que volva subir a marea?

Existe unha identidade non escollida que nos define polo mero feito de vivir ao carón da costa?

Unha investigación que se mergulla nas vibracións, nas ondas sonoras e que reverbera, á súa vez, no océano interior das emocións.

Todas as nosas almas son náufragas.

TEASER

[Vaivén](#) ↗

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
14 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ONDE POUSA A HUMIDADE

Onde pousa a humidade é un solo que afonda na relación coa espera. Inspírase na Costa da Morte, Galicia, a costa con máis naufraxios de Europa.

Unha oda ás mulleres, as que sempre agardan a que o océano lles devolva, polo menos, os restos de ósos dos seus parentes. Mentres o sal cuarteia as mans que tecen, rede a rede, o que as mantén en terra.

Espectáculo seleccionado por Danza a Escena 2024. Premiado en Plataforma DZM cunha mención especial *"por levar o local, lonxe"*. Espectáculo seleccionado polo Certamen Internacional MASDANZA 2022, premiado cunha residencia no Teatro Cuyás. Espectáculo en xira por SÓLODOS Costa Rica 2023.

TEASER

[Onde pousa a humidade](#) ↗



MARTA ALONSO TEJADA

🌐 www.martaalonsotejada.com

📷 [@martaalonsotejada](https://www.instagram.com/martaalonsotejada)

📘 [Marta Alonso Tejada](https://www.facebook.com/MartaAlonsoTejada)

📺 [martaalonsotejada](https://www.youtube.com/martaalonsotejada)

📺 [martaalonsotejada](https://www.tiktok.com/martaalonsotejada)

📍 Ames, A Coruña

CONTACTO

Marta Alonso

☎ 658 78 25 64

✉ martaalonsotejada@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía galega de danza dirixida por Marta Alonso Tejada, bailarina, actriz e directora escénica, galardoada co Premio María Casares á Mellor Intérprete Protagonista por *Bailar Agora* (2021).

Nas súas creacións, a danza dialoga con disciplinas como o teatro, o *clown* ou o circo, cun enfoque contemporáneo e accesible. En pezas como *Bailar agora*, *Sofá* ou *Dance join*, aborda temas como o corpo, a identidade das mulleres ou a busca de sentido na vida cotiá, abrindo espazo para a risa, o pensamento e o espertar colectivo.

Comprometida coa participación cidadá, impulsa proxectos de creación comunitaria e formación arredor da danza. Dirixe tamén o festival Abanea, centrado na danza en espazos non convencionais.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Marta Alonso – 658 78 25 64

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DANCE JOIN

Dance join é un espectáculo de danza e *clown* que explora con ironía e diversión os ritmos imposibles da vida contemporánea.

Catro personaxes en escena –unha artista DJ, a súa produtora, a técnica e a *community manager* da compañía– loitan por manterse á altura das expectativas: multitarefa, hiperprodutividade, éxito, autoimaxe... Un xogo escénico que transita entre o esgotamento e a celebración, entre o caos e o pracer do movemento compartido.

A peza propón un formato interactivo no que o público é convidado a participar e a transformar o espazo escénico. Ao final, *Dance join* expándese: convértese nunha pista de baile colectiva, onde soltar as presións e reencontrarse co corpo, a comunidade e a alegría.

TEASER

[Dance join](#) ↗

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
70 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Marta Alonso – 658 78 25 64

TIPO DE ESPAZO Sala

SOFÁ

Sofá é unha *sitcom* de danza con teatro, circo e música en directo.

Marta e Pablo coñecéronse bailando e xa non teñen tempo de facelo porque traballan moito; son dous cus inquedos e a parella que menos usa o sofá. Non son quen de parar.

Marta e Pablo cren que van solucionar os seus problemas de desconexión facendo un espectáculo no que bailen cun sofá. Porque o sofá é o lugar onde se atopan as parellas ao final do día para estar xuntas ou descansar.

Pero Marta e Pablo non logran comezar o espectáculo; calquera interrupción é un bo motivo para seguir nun bucle cara a diante. Porque parar supón enfrontarse a unha mesma e abrazar a incerteza, o baleiro.

TEASER

[Sofá](#) ↗



DURACIÓN
75 minutos

PÚBLICO
Xuvenil e adulto

CONTRATACIÓN

Marta Alonso – 658 78 25 64

TIPO DE ESPAZO Sala

BAILAR AGORA

Espectáculo revelación en Galicia no ano 2021. Gañador de numerosos premios pola súa linguaxe escénica, interpretación e iluminación, entre outros.

Bailar agora é a historia dunha bailarina que nace e medra nos anos oitenta e noventa e que, hoxe, se achega á corentena. Marta Alonso diríxese ao público para compartir un percorrido pola súa traxectoria vital como bailarina e muller, facendo referencia ao estado actual dos seus desexos e soños, e comprometéndose a facelos realidade no momento presente.

O xeito de levalo a cabo: bailando.

TEASER

Bailar agora [↗](#)

***ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA**



NELSON QUINTEIRO PRODUCCIÓN

www.nelsonquintero.com

[@nelson.quintero](https://www.instagram.com/nelson.quintero)

[Nelson Quinteiro Producións](https://www.facebook.com/Nelson.Quintero.Producciones)

[Nelson Quinteiro](https://www.youtube.com/channel/UC...)

[Poio, Pontevedra](#)

CONTACTO

Nelson Quinteiro

[647 64 74 04](tel:647647404)

nelson.quintero@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía artística multidisciplinar especializada na creación de experiencias temáticas a través da música, a danza e o teatro sabendo conxugar sempre os mellores perfís coas mellores ideas creativas.

Especialistas en cabaré e na creación de contidos para todo o ciclo festivo do ano. Creando propostas evocadoras, que abordan directamente os imaxinarios colectivos. Experiencias emocionantes que nos fan vibrar, participar e celebrar a vida e a ledicia de vivir. Espectáculos propios e todo o que necesites á medida do que precisas comunicar.



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Nelson Quinteiro – 647 64 74 04

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

FALA-ME TRAD CABARÉ

Unha proposta de cabaré que converte o escenario nun salón de baile dos anos vinte onde non falta o foxtrot, o tango, o cuplé e, sobre todo, a muiñeira que, como ben di o guión, "vai con todo". Un espectáculo de empoderamento da música, danza e vestuario tradicionais galegos, da cultura tradicional, o folk e o folclore a través do cabaré, da picardía e do teatro.

Un elenco con Brais González ao piano, o gañador dun premio Max Iván Villar, os bailaríns Ariadna Vázquez, Uxía Rivas Quarneti e Ricardo Fernández Louro, membros de compañías como Nova Galega de Danza, SaDanza ou Falcatrueiros.

Todo guiado polo mestre de cerimonia Nelson Quinteiro.

TEASER

Fala-me trad cabaré 



NOA COVELO

<https://noacoveloactriz.wixsite.com/website>

[@noacovelo](#)

[Noa Covelo](#)

[Ponteareas, Pontevedra](#)

CONTACTO

Noa Covelo

[652 57 51 75](tel:652575175)

noalohan@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

A práctica artística nace da análise do movemento Laban/Bartenieff, onde o corpo é fonte e linguaxe. Investigo a intelixencia orgánica do movemento para convocar presenza, resonancia poética e verdade emocional. O meu camiño entrelaza danza, teatro e práctica somática, cun forte compromiso coa creación comunitaria e a colaboración interdisciplinaria. Bolseira Fulbright e analista de movemento certificada, o meu traballo é recoñecido en Europa e nos Estados Unidos pola súa profundidade, innovación e capacidade de conexión.



DURACIÓN
45 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

Noa — 652 57 51 75

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

RITUAL DA RESIGNACIÓN

Peza contemporánea de danza-teatro que reimagina o mito de Antígona cunha mirada crúa e íntima. Mesturando texto, movemento e unha paisaxe sonora orixinal, esta peza en solitario explora as interseccións entre a dor, o trauma e a obsesión romántica. Nun mundo saturado de sufrimento colectivo, *Ritual da resignación* pregunta: cal é o peso da dor persoal e que acontece cando xa non somos capaces de ver máis alá dela?

TEASER

[*Ritual da resignación*](#) 



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
Xeral

CONTRATACIÓN

Noa — 652 57 51 75

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

DIÁLOGO CON BASQUIAT

Peza de son e movemento creada para o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), na que o corpo establece un diálogo vivo coa pintura e co espazo escénico. A paisaxe sonora transita entre o abstracto e o concreto, evocando as palabras, a respiración e mesmo os silencios de Basquiat, para construír unha experiencia sensorial que vincula presenza física, enerxía pictórica e memoria sonora.

TEASER

[*Diálogo con Basquiat*](#) 



NOVA GALEGA DE DANZA

www.novagalededanza.com

[@novagalededanza](https://www.instagram.com/novagalededanza)

[Nova Galega de Danza](https://www.facebook.com/novagalededanza)

[NOVA GALEGA DE DANZA](https://www.youtube.com/channel/UC...)

[A Coruña](#)

CONTACTO

Jaime Pablo Díaz Rodríguez


[698 14 95 64](tel:698149564)

ngdproduccion@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Nova Galega de Danza fusiona en vivo danza e música de raíz galega, tradición e vangarda con vocación universal. A compañía abriu ao longo dos seus anos de traballo unha nova liña ao redor da danza en Galicia.

Unha liña capaz de aproximarse á tradición desde unha mirada contemporánea que lle permite transcender a vivencia tradicional do folclore e darlle un novo sentir. Nese camiño, Nova Galega de Danza súmase e incorpora ao riquísimo percorrido xa realizado pola música de raíces galegas, baixo a dirección de Jaime Pablo Díaz.



DIQUE

O Dique da Campá de Ferrol foi a obra de enxeñería hidráulica máis importante do século XIX en España. Detrás da súa construción está o traballo invisibilizado de 200 mulleres que desde 1874 pasaron anos retirando 245.000 metros cúbicos de terra e pedras que transportaron en sacos e cestas sobre as súas cabezas. Eran as "cargadoras" e, polo mesmo traballo, cobraban menos que os homes. Da súa historia queremos falar no noso *Dique*.

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA

DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Jaime Pablo Díaz Rodríguez – 698 14 95 64

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



BERRO

Berro representa o baleiro que supón ser persoas soas e illadas nunha sociedade sen memoria que debe procurar o movemento que lle lembre o seu pasado. Nunha viaxe que conecta os estados emocionais, amosa a importancia de recuperar esa esencia ancestral –a tradición, a terra, a raíz, a familia e a casa– a través da experiencia colectiva, sentindo a transformación na expresión do corpo.

DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Jaime Pablo Díaz Rodríguez – 698 14 95 64

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano


DURACIÓN

30-60 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Jaime Pablo Díaz Rodríguez – 698 14 95 64

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

LEIRA

O corpo e a terra estreitan os seus lazos nun espectáculo de danza e música que nos transporta á dura beleza dos labores do campo. A muller no centro desta conexión telúrica; día e noite, xornada tras xornada repetida nunha sucesión inesgotable de estacións. O sol e a choiva, o vento xeadado, crúas paisaxes de intemperie habitadas unicamente por unha coreografía humana de apeiros de labranza, de corpos que cargan e arrastran, que danzan entre os sucros arados na terra. Pero *Leira* é tamén a sinxela alegría do traballo feito coas mans, coa valentía do corpo a corpo, a celebración dunha Galicia intemporal e máxica.

TEASER
[Leira](#)

DURACIÓN

30 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Jaime Pablo Díaz Rodríguez – 698 14 95 64

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

CREDO

Credo é unha peza de danza itinerante concibida para a súa representación en espazos naturais do territorio galego, concretamente nos cruces de camiños, sinalados cos cruceiros que salpican a paisaxe de Galicia e cuxa presenza de pedra acompaña o camiñante ao longo de todo o Camiño de Santiago. Unha viaxe interior que toma a poética de Celso Emilio Ferreiro como referente artístico e conceptual, e que quere representar o camiño vital do ser humano a través do movemento, a exploración e o cuestionamento de si mesmo e da realidade.

TEASER
[Credo](#)

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



SER E TERRA

É un compendio de catro pezas onde converxen a tradición e a vangarda, sempre con vocación universal. Unha fusión de música e danza onde podemos intuír a base desde a que traballa a compañía coa experimentación do movemento e da música como mellor aliada.

DURACIÓN
30 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Jaime Pablo Díaz Rodríguez – 698 14 95 64

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



ÓSCAR COBOS COMPAÑÍA DE DANZA

🌐 www.ocdanza.com

📷 [@oscarcobosciadedanza](https://www.instagram.com/oscarcobosciadedanza)

📘 [Óscar Cobos Cía de Danza](https://www.facebook.com/OscarCobosCiaDeDanza)

✉️ [@oscarcobosdanza](https://www.tiktok.com/@oscarcobosdanza)

📍 Santiago de Compostela,
A Coruña

CONTACTO

Antía Barcia

☎️ 644 37 66 59

✉️ oscarcobosciadedanza@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Somos unha compañía que recolle a tradición danzada e a música galega para traelas ao século XXI, mesturando a linguaxe de raíz coa danza contemporánea e músicas do panorama galego actual.



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Óscar Cobos – 605 37 02 52

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

BAILADOR

Bailador é unha peza de danza galega contemporánea baseada nas músicas de Berrogüetto. Trátase dunha obra coreográfica que rende unha profunda homenaxe a unha música que non naceu para ser bailada, na que a danza de raíz galega se mestura con outras linguaxes do movemento para darlle un sentido corporal á música dun grupo que transformou o xeito de facer e de entender o son da nosa terra. *Bailador* reivindica o papel fundamental da muller galega como preservadora e transmisora da nosa sabedoría popular; se o noso baile chegou ata os nosos días foi grazas a elas, mulleres eclipsadas na nosa historia que en moitos casos non se atrevían a «levar o baile» por medo a verse rexeitadas nos seus círculos máis próximos.

TEASER

[Bailador](#) 



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+ 13 anos

CONTRATACIÓN

Antía Barcia – 644 37 66 59

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

NOVE ESPELLOS

Nove espellos é unha viaxe polo multiverso do eu-non-consciente, un espazo onde o todo e o nada son o mesmo; onde se recrean medos, desexos, fracasos, ausencias, acertos, alegrías e tristezas; onde a música que todos levamos dentro pode chegar a converterse nun ruído insoportable; onde un sorriso pode converterse en algo irrecoñecible; onde as liñas se deforman creando formas que soamente son posibles nun espazo-tempo ilimitado; onde un grito imposible deixa que o eu máis esencial se faga presente, despois de calquera imposición proveniente do mundo da razón. É a liberdade absoluta que cada un de nós creamos nun mundo feito á nosa medida, onde procesamos as emocións e os recordos que experimentamos no universo do eu-consciente.

TEASER

[Nove espellos](#) 




PABLO VÁZQUEZ

 <https://www.instagram.com/pablovazquezz>


 [@pablovazquezz](https://www.instagram.com/pablovazquezz)

 [Pablo Vazquez Duran](#)

 Vigo / Madrid

CONTACTO

Pablo Vázquez Durán

 697 26 06 56

 vazquezduranpablo@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Pablo Vázquez Durán é un coreógrafo emerxente que busca nas súas creacións dar un sentido ao movemento empregando o visceral e a súa vulnerabilidade.

Iniciouse na danza de pequeno e tras unha extensa formación empeza a súa carreira como coreógrafo e intérprete compaxinando distintos proxectos.



DURACIÓN
12 minutos

PÚBLICO
Familiar

CONTRATACIÓN

Pablo Vázquez Durán – 697 26 06 56

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

DONDE EL VACÍO SE QUIEBRA

Perdurar, resistir, adaptarse.

Cada impacto deixa unha pegada, cada ausencia abre un baleiro.

Co tempo, o que falta faise máis presente que o que queda. O desgaste xa non é só unha ferida, senón un xeito de ser.


Perdurar ata que o baleiro non sexa unha ruptura, senón identidade.

Ata que o burato deixe de estar dentro de ti, de converterse en parte de ti.

A través desta metamorfose, o baleiro non é ausencia, senón un rastro; non é perda, senón creación. Os ocios deixados polo desgaste brillan como algo fermoso e inesperado, como gretas na pedra que deixan pasar a luz.

Así, o corpo redescúbrese na súa propia disolución, explorando a poesía do que se foi, do que queda e do que aínda está por formarse.

TEASER

[Donde el vacío se quiebra](#) 



PAULA QUINTAS CÍA.

🌐 www.paulaquintas.com

📷 @pauquintass

📘 Paula Quintas

📺 Paula Quintas- Cía.

📺 Paula Quintas

📍 Ourense

CONTACTO

Paula Quintas

☎ 669 25 83 84

✉ info.paulaquintas@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Paula Quintas Cía. traballa o movemento a través de espectáculos de danza, circo, *performance* e os seus límites, desde 2014.

Paula Quintas Cía. traballa en diferentes formatos, como artes vivas ou vídeo-circo-danza.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+ 12 anos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

AURORA BOREAL

Aurora boreal é unha peza de danza contemporánea de sala que convida á contemplación e á reflexión sobre a fugacidade da vida e a súa conxelación, fronte a unha sociedade de consumo fugaz.

Partindo dunha estética nórdica e unha forte inspiración nas luminosidades fugaces das xeografías do norte, explora tamén a velocidade e a serenidade do efémero.

Aurora boreal é non só unha obra de danza contemporánea, senón tamén unha invitación para experimentar a beleza do tránsito da vida e da natureza. Un espazo para a reflexión, a paciencia e a admiración.



TEASER [Aurora boreal](#) ↗

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
+ 5 anos

CONTRATACIÓN

Belém Brandido – 627 77 83 51

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MULTIPERSPECTIVAS#3

Multiperspectivas#3 é unha proposta orixinal e nova que parte da perspectiva do espectador como reflexión contemporánea.

Combina improvisación teatral, danza, circo e *performance*, ao tempo que deixa espazo para a interacción co público.

É unha proposta que experimenta cos límites das artes escénicas para enfrontarse á realidade do espazo que nos rodea: os límites entre o privado e o público, e o vivencial na arte, nunha instalación circense compartida a tempo real.

Esta proposta, en constante desenvolvemento, culmina a súa investigación na cápsula #3, que é a parte práctica dunha tese de doutoramento, *Límites e confluencias entre a danza e o circo contemporáneos na España do s. XXI*, dirixida por Carlos Tejo na Universidade de Vigo (2021-2025).

TEASER [Multiperspectivas#3](#) ↗

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
35 minutos

PÚBLICO
+ 5 anos

CONTRATACIÓN

Mon Rivas – 644 76 07 60

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

SET

Set é unha peza multidisciplinaria na que a danza contemporánea e a música en directo xogan nun espazo compartido. Novos comportamentos e cinética social coa protección invisible como mediador da distancia social.

A través da tecnoloxía e os límites sociais, *Set* propón un xogo interactivo sen contacto.

Playing experience!

TEASER

[Set](#)



DURACIÓN
15 minutos

PÚBLICO
+ 5 anos

CONTRATACIÓN

Belém Brandido – 627 77 83 51

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ANALEPSIS

Analepsis é un espectáculo de danza e circo, unha escena retrospectiva que expón unha historia de acción e reacción entre o corpo e o obxecto, sometendo o corpo a experiencias acrobáticas e de funambulismo dirixidas polo obxecto. Corpo e obxecto son o eixe principal dunha peza que actúa en ambas as direccións, que vai do corpo ao obxecto e do obxecto ao corpo. A curiosidade, a desconfianza e a manipulación son os elementos utilizados para ir conectando varios momentos do discurso e trasladando a acción ao pasado.

TEASER

[Analepsis](#)



PISANDO OVOS

🌐 www.pisandoovos.com

📘 [Pisando Ovos](#)

📍 Oleiros, A Coruña

CONTACTO


Rut Balbís Calviño

☎ 607 64 28 09

✉ pisandoovos@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Compañía de danza contemporánea desde o 2004, residente do Teatro Ensalle de Vigo e dirixida por Rut Balbís. Conta con nove creacións coas que participa de forma habitual nas redes de teatros autonómicas e nacionais, así como nalgúns dos festivais nacionais ou internacionais máis destacados do panorama actual das artes do movemento.



DURACIÓN

25-50 minutos

PÚBLICO

Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Rut Balbís Calviño – 607 64 28 09

TIPO DE ESPAZO Non convencional


GIVE IT A SPIN

Give it a spin, é a proposta de Pisando Ovos para espazos non convencionais, na que música e movemento, desde os seus estados máis puros, se atopan a través do diálogo entre un DJ e unha bailarina.

Unha conversa baseada no darlle unha volta, no xiro continuo, na repetición e transformación do movemento e do son. Un encontro onde os corpos se soportan e resisten baixo a forma dunha aperta continua.



Unha peza de danza e unha sesión de DJ na que contamos coa colaboración especial do DJ Jas Processor.


TEASER

[*Give it a spin*](#) 




PROXECTO MORRIÑA

 [@proyectomorrinha](#)
 [Proxecto morriña](#)

 Redondela, Pontevedra

CONTACTO

Noelia Nuño

 673 47 28 19

 noenunovila@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Proxecto Morriña ten a súa sede en Vigo, Galicia. Somos un grupo de seis mozas artísticas e comprometidas coa situación social na que vivimos, sen medo a darlle voz ás historias e mensaxes que sentimos que necesitamos contar.



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Noelia Nuño – 673 47 28 19

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional


DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

OD(I)OSA

Queremos rescatar da memoria galega, do ano 1989, a folga que ocorreu na empresa Odoxa, unha loita que as propias traballadoras, sen apoios de ninguén máis, emprenderon para reclamar os seus dereitos laborais. Así, máis de cen mulleres encerráronse dentro da empresa ao redor dun mes e catro delas chegaron a facer folga de fame durante nove días, dispostas a chegar ata o final. Todo isto polo simple feito de que as tomasen en serio, para seren escoitadas.


Od(i)osa trae á vida esta historia, envolta en teatro político falámoslle directamente ao público. É moi fácil esquecer o pasado. Se agora temos os dereitos que temos é porque alguén antes que nós berrou por eles. O pobo en xeral, pero máis concretamente as mulleres non podemos esquecer as loitas que nos trouxeron ata o punto no que estamos. Con *Od(i)osa* queremos incomodar, espertar, lembrarlle ao público que se queres algo, se algo é o teu dereito, tes que loitar por el.

TEASER

[Od\(i\)osa](#) 





PUNTO Y WAACK

 Oleiros, A Coruña

CONTACTO

Myriam González Sánchez

 606 18 50 25

 puntoywaack@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Punto y Waack é un colectivo de bailarinas galegas de *waacking* que utiliza obras clásicas como punto de partida nas súas creacións. O *waacking*, estilo club desenvolvido na comunidade LGTB+, leva consigo unha carga cultural que se traduce nunha linguaxe particularmente expresiva e liberadora, como fai a compañía na súa peza *Bernarda, cara de leoparda*.



DURACIÓN
12 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN


Myriam González – 606 18 50 25

TIPO DE ESPAZO Non convencional

BERNARDA, CARA DE LEOPARDA

Bernarda, cara de leoparda é unha peza de danza que revisa a gran obra de Lorca *La casa de Bernarda Alba* dende a linguaxe da danza urbana *waacking*. Cinco bailarinas entran na pel das personaxes deste clásico combinando texto, humor e danza. Esta obra propón a liberación das míticas personaxes femininas de Lorca, destinadas a unha vida de loito e represión. Ofrécelles cor, música, drama e enxeño transformando as súas historias mediante unha danza que desborda expresión, identidade e liberdade.


TEASER

[Bernarda, cara de leoparda](#) 




RAQUEL FERRADÁS

 [raquel.ferradas](https://www.instagram.com/raquel.ferradas)

 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Raquel Ferradás

 654 39 61 91

 raquelferravelo@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Raquel Ferradás é bailarina e docente de danza contemporánea e moderna. Formada no Conservatorio Carmen Roche en Madrid (2017) e no Grao Elemental de Ballet Clásico nos Conservatorios Coppelia e Mayeysis de Vigo, complementando a súa formación con monográficos de coreógrafas e creadoras de primeiro nivel nacional e europeo.

Actualmente, coproduce *Mesura*, un solo para rúa, con Amarelo Distribución Escénica tras o programa de acompañamento a emerxentes Da Man.



DURACIÓN
19 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

MESURA

A vida fala e estamos en constante cambio, na busca do equilibrio, sen pasarnos de máis nin de menos.

Mesura báilalle á espera en diferentes momentos da vida, en xeral, á inquietude e á preocupación que xera.

Soster, refuxiarse no movemento, adaptarse ás transicións e avanzar.

Comezar de cero é sobrevivir no presente. Non hai pasado no cero.

Hai que saber convivir coa espera para ver os ollos do mundo.

Do afogo que produce non ter todo controlado.


***ESPECTÁCULO SELECCIONADO POLO PROGRAMA DA MAN, PATROCINADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA**



SIL PRODUCCIONES - ARTES EN MOVIMIENTO


 [SIL Producciones, Artes en Movimiento. Mikel Aristegui](#)

 [SIL Producciones/Mikel](#)

 Nogueira de Ramuín,
Ourense

CONTACTO

Mikel Aristegui

 692 46 78 41

 mikel@mikelaristegui.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Estrutura formada nun pobo de 40 habitantes nos canóns do río Sil para crear espectáculos e eventos das artes en movemento, tanto para teatros convencionais como para espazos alternativos e de rúa.



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Mikel Aristegui – 692 46 78 41

TIPO DE ESPAZO Sala

IN BETWEEN

Espectáculo de danza contemporánea creado e dirixido por Mikel Aristegui para tres intérpretes: Nuri Sotelo, Rosabel Huguet e Mikel Aristegui.

In between aborda a cuestión da definición binaria do xénero no corpo do bailarín/ina. Abrir unha reflexión sobre a importación que hoxe en día define os roles de home e da muller na nosa sociedade, da necesidade de tratar un xénero "non definido" para poder empezar un diálogo sobre a igualdade, para poder tratar o ser humano como tal e non como unha definición dun xénero ou outro.

TEASER

[In between](#) 



DURACIÓN
10 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN
Mikel Aristegui – 692 46 78 41

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

OUVEO

Un ouveo ao dereito do artista para seguir creando aínda que se pare o mundo, creado durante a pandemia en Armariz (Nogueira de Ramuín). Texto escrito por Mikel Aristegui e música de Samuel Barber, *Adagio for strings*.

TEASER

[Ouveo](#) 



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Mikel Aristegui – 692 46 78 41


TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

SIN TÍTULO 97/17

Repensamento e recreación dun dúo de 20 minutos realizado en 1997 sobre o VIH e a sida, *Sin título 97/17* pretende ser como unha pintura sen título, que fala por si soa, unha declaración de amor, unha amizade incondicional que xa se estende a máis de 30 anos, a reposición dun material realizado en corpos novos e interpretada por corpos maduros, con música orixinal e os mesmos intérpretes: Marcela San Pedro e Mikel Aristegui.

TEASER

[Sin título 97/17](#) 



DURACIÓN
75 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Mikel Aristegui – 692 46 78 41

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

ARNASA

Peza multidisciplinar, *Arnasa* en éuscaro significa a primeira respiración que facemos ao nacer e o último suspiro antes de morrer; desde eses momentos de plenitude total nos que nos sentimos intimamente conectadas, ata esoutros máis escuros nos que a falta ou o exceso de aire nos invade. Cun actor con distintas capacidades, dous bailaríns profesionais e un músico/música en directo.

TEASER

[Arnasa](#) 



SON LIBRE

Unha adolescente con parálise cerebral reflexiona sobre o que é a liberdade para ela. *Son libre* trasládanos á natureza para penetrar no imaxinario dunha persoa con aparentes limitacións para ser bailarina profesional. Texto de Clara López Villar.

DURACIÓN
10 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Mikel Aristegui – 692 46 78 41

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



SÖA

🌐 www.soacia.com

📷 @soa.cia ▶ SÖA cía

📍 Santiago de Compostela,
A Coruña

CONTACTO

Lilian Portela

☎ 610 10 68 08

✉ compania.soa@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

A compañía Söa é un proxecto de música, danza e teatro no que buscamos a fusión das disciplinas. Foi creada por Martín Blanco, Marta Velázquez e Carlota Rosón Rojo. A súa peza *Fogar* forma parte do catálogo da Plataforma Iberoamericana de Danza. Tamén levaron a cabo residencias en La Casa del Teatre Nu (Barcelona) e na sede da Compañía Nacional de Danza, en Matadero Madrid. Coa súa peza *Coa cabeza nas nubes* levaron a cabo un intercambio en Lisboa –no Teatromosca (Auditorio Municipal Antóniо Silva), coa residencia *Atopémonos Bailando*– e máis tarde nas Residencias LAC en Madrid en colaboración co CDN. Esta segunda peza foi seleccionada no programa Da Man, de Manu Lago e Lilian Portela, e formou parte do catálogo da distribuidora Amarelo.



DURACIÓN
40 minutos

PÚBLICO
Familiar (+ 5 anos)

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

COA CABEZA NAS NUBES

Coa cabeza nas nubes é un espectáculo multidisciplinario que combina teatro físico, danza e *clown* para público familiar.

En escena, dous personaxes conviven no mesmo espazo. Un deles, afogado polo traballo; o outro, pensando constantemente en xogar.

Entre ambos desátase unha divertida batalla chea de humor e acrobacias, na que se confrontan dúas visións da vida. Canto tempo lle dedicamos ao traballo? E ao xogo?

Un espectáculo cómico sobre o xogo no seu estado de máxima pureza e sobre o adulto que esqueceu que algunha vez tamén xogou.

TEASER


[*Coa cabeza nas nubes*](#) 


***ESPECTÁCULO SELECCIONADO POLO PROGRAMA DA MAN, PATROCINADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA**



TANGO EN GALICIA


www.tangoengalicia.com/tango-en-galicia/espectáculos-de-tango-argentino/

 [Tango en Galicia](#)

 Vigo, Pontevedra

CONTACTO

Laura Beatriz Díez Daglio

 677 39 98 61

 tangoengalicia@hotmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Espectáculos de pequeno e mediano formato de tango e folclore argentino, artistas profesionais e nativos, só danza ou danza e música en directo. Desde o ano 2002 traballando na escena galega, somos unha compañía de referencia no sector.



FRANCANAPA

Espectáculo con parella de danza, músicos e cantante en vivo.

TEASER

[Francanapa](#) 

DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Laura Díez – 677 39 98 61

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano



TANIT COBAS


 [tanitcobas](#)

 [Tanit Cobas](#)

 A Coruña

CONTACTO

Lilian Portela

 610 10 68 08

 produccion@tanitcobas.art

SOBRE A COMPAÑÍA

Tanit Cobas é unha artista galega cunha longa traxectoria profesional a nivel nacional e internacional. Como intérprete traballou con La Veronal - Marcos Morau, Siberia - Paloma Muñoz, Fernando Melo, Giuseppe Spota, Felix Landerer e Or Marin, entre outros moitos. Formou parte da recoñecida compañía IT Dansa en Barcelona.

O seu estilo coreográfico é arriscado con certos toques de humor e cheo de sutilezas corporais. Ten un interese especial en mesturar diferentes tipos de danza e de conseguir que a arte contemporánea sexa accesible a todos os públicos.



DURACIÓN
11 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

THE EXPOSURE

Esta peza é unha oda contemporánea á honestidade, na que se mostra o mundo interior das bailarinas. Que pensan mentres bailan? Estarán fartas de repetir unha e outra vez os mesmos pasos? Son seres reais ou non?

The exposure é unha burbulla violeta que se ri da superficialidade, imita a pretensión e mostra o engano dentro do teatro, a dramaturxia escondida. O público instruído e obediente vive intensamente o que sucede enriba do escenario. Con todo, as bailarinas poden estar a pensar en calquera outra cousa mentres actúan: 1, 2, 3 e 4. Estou cansa pero non podo parar... Lembreime de comprar o leite?

Querido público, estou farta de mentirvos.

TEASER

The exposure [↗](#)



TUATHA

www.tuathadance.wixsite.com/dance/fotografia

[@tuatha.dance](#) [Tuatha](#) [Tuatha](#)

[Oleiros, A Coruña](#)

CONTACTO


Myriam González Sánchez

[606 18 50 25](tel:606185025)

tuathaproduccion@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

Tuatha é unha compañía emerxente da Coruña, formada en 2019. O seu traballo caracterízase pola fusión das danzas urbanas, como *waacking*, *house* ou *popping*, coa creación contemporánea. Dedican parte da súa traxectoria á creación para videodanza, así como á creación escénica con traballos como *Dovea*.



DURACIÓN
18 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Myriam González – 606 18 50 25

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DOVEA (D'ONDE VEM ESE ATURUXO?)

Dovea é un dúo de danza urbana e creación contemporánea. Trata dunha recolección dos significados que ten para nós a escoita, un percorrido por situacións nas que non se nos escoitou, pero tamén unha volta a aqueles lugares onde esta vén intrínseca, dende nós e dende fóra.

Para falar de algo ténsenos que escoitar, e precisamente diso falamos: de todas as veces que non foi así, das que si e de como nos sentimos.

TEASER

[*Dovea*](#) 



DURACIÓN
12 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Myriam González – 606 18 50 25

TIPO DE ESPAZO Non convencional

HOJE VENHO FALAR DE MIN

Hoje venho falar de min é o primeiro solo de Myriam González. É un solo de creación contemporánea e *waacking*, estilo de danza urbana/club dos anos 70, desenvolvido dentro da comunidade LGTB+.

Neste espectáculo, trátase a identidade a través dunha protagonista que se atopa con todas as súas eu do pasado. Hai unha volta á infancia, a todas esas ilusións por "quen queremos chegar a ser", a toda esa ambición que nos enche e que non sempre medra con nós co paso do tempo.

TEASER


[*Hoje venho falar de min*](#) 

VACAburra.

VACABURRA

 www.vacaburra.com


 [@vacaburra_](https://www.instagram.com/vacaburra_)  [VACAburra.](https://twitter.com/VACAburra)


 Santiago de Compostela,
A Coruña

CONTACTO

Andrea Quintana

Gena Baamonde

 650 06 85 40

 654 14 64 01

 info.vacaburra@gmail.com

SOBRE A COMPAÑÍA

VACAburra é o resultado da colisión de dúas artistas, Andrea Quintana e Gena Baamonde, que unen as súas inquedanzas e traxectorias nun proxecto común que vira ao redor da creación escénica e coreográfica en clave contemporánea. VACAburra é un tentar tentando, un baile continuo, un camiño de tenacidade en avance imparabile. Saltar o valo do prado, abrir fendas nos muros, forza bruta en estado salvaxe.



DURACIÓN
55 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Lilian Portela – 610 10 68 08

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

FESTINA LENTE


Festina lente busca unha reflexión do momento presente nun mundo no que a pel-pantalla coloniza as nosas relacións. Corpos multitarefa, corpos cansos, corpos expostos, corpos saturados polos mecanismos dun tempo que non entende de pausas.

Preguntámonos se é posible o encontro, mirar iso que non se ve, entrar e parar. Preguntámonos como deixar xurdir novas realidades fóra dos remuíños do capitalismo que devora, cada vez máis, a corporalidade. Preguntámonos polas estratexias dos corpos para lograr permanecer xuntas fronte á alienación.

TEASER

Festina lente [↗](#)

*ESPECTÁCULO COPRODUCIDO POLO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
50 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

VACAburra – info.vacaburra@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Sala

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

O RARO É QUE BAILAR SEXA RARO

Bailar é perigoso, ameaza o sistema, complica a situación. A danza incomoda, afecta, descoloca e complica os modos de estar hexemónicos. A danza, contaxiosa e invasiva, desestabiliza as lóxicas da palabra, ameaza a linguaxe normativa. Bailar pode ser unha epidemia.

Esta bailarina non ten trucos de maxia preparados. O seu material coreográfico é rústico e ás veces incompreensible; fracasa nos xiros coa perna esquerda. Esta bailarina nunca quixo ser Giselle. Con todas nós: un corpo en rebelión, atravesado, sublevado, a bailarina non normativa, a bailarina faquir, a tau-maturga, a subalterna.

Isto vai de bailar bailando.

TEASER *O raro é que bailar sexa raro* [↗](#)

*ESPECTÁCULO SELECCIONADO NO PROGRAMA DE RESIDENCIAS PARAÍSO, QUE CONTA CO APOIO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
Adulto

CONTRATACIÓN

VACAburra – info.vacaburra@gmail.com

TIPO DE ESPAZO Sala

METODOLOXÍAS CARROÑERAS PARA CORPOS INVERTIDOS

Conferencia executada, investigación desleal na que se mesturan coñecementos teórico-prácticos a través do humor, coa disidencia sexo-xenérica na escena como eixe central. Esta conferencia *freak* xorde da necesidade de expandir e traducir a linguaxe escénica ao proceso de investigación académica da tese de doutoramento: Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica contemporánea na procura de carroña metodolóxica e incoherencia corporal.

TEASER

[*Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos*](#) ↗



DURACIÓN
30 minutos

PÚBLICO
Todos os públicos

CONTRATACIÓN

Andrea Quintana – 650 06 85 40

TIPO DE ESPAZO Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

RUAR

Ruar é unha peza para dous corpos, con música en directo, sobre a imaxinación do movemento no espazo público. *Ruar* como divertimento e como xogo, un paseo en forma de viaxe sonora danzada, unha excursión de corpos libres, ouvidos abertos e sorriso gozoso. Andar polas rúas enredando, deixando que o corpo sexa o que propón o percorrido, sen obxectivo final na ruta; unha deriva, un deixarse sorprenden polo que acontece no espazo.

TEASER

[*Ruar*](#) ↗

*ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS – XUNTA DE GALICIA



DURACIÓN
60 minutos

PÚBLICO
+ 14 anos

CONTRATACIÓN

Andrea Quintana – 650 06 85 40

TIPO DE ESPAZO Sala / Non convencional

DATAS DE DISTRIBUCIÓN Todo o ano

FAMILIA NIJINSKA

Unha conferencia escénica debuxada e bailada, un espectáculo poético e rebelde a través da historia dunha familia de bailaríns e bailarinas que revolucionaron a danza de inicios do século XX, entre outros personaxes fascinantes e seres fantásticos. A peza transita entre a palabra, o corpo e o trazo, e propón unha ollada crítica sobre os relatos hexemónicos da historia da arte, o estigma da saúde mental e o esquecemento das mulleres creadoras. *Familia Nijinska* é non só unha narración biográfica, senón tamén unha interrogación viva sobre como se constrúe a memoria e quen decide que corpos e voces son dignos de ser recordados.

TEASER

Familia Nijinska 

***ESPECTÁCULO SUBVENCIONADO POLA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS – XUNTA DE GALICIA**

DIRECTORIO

1-7 / 55

A - C

AMARELO CÍA.	<p>ENDEREZO Rúa Combro, 181 B 36331 Vigo</p>	<p>CONTACTO Lilian Portela ☎ 610 10 68 08 ✉ lilian@amarelo.es</p>
AMPARO MP DANZA CONTEMPORÁNEA	<p>ENDEREZO Vigo, Pontevedra</p>	<p>CONTACTO Amparo Martínez Paz ☎ 659 07 21 91 ✉ parumartinez@yahoo.com</p>
ARTÍSTIKA PRODUCCIONES	<p>ENDEREZO Rúa Pígara 16 15679 Cambre, A Coruña</p>	<p>CONTACTO Nerea Andrés ☎ 604 95 82 16 ✉ direccion@artistikamovemento.es</p>
AY, CARIÑO!	<p>ENDEREZO Lugar Panagateira, 1 27865 Oourol, Lugo</p>	<p>CONTACTO Diego Martínez Buceta ☎ 636 32 58 27 ✉ ay.carinho.baila@gmail.com</p>
CALI DANZA	<p>ENDEREZO Rúa Alexandre Bóveda, 20. 6°C 27004 Lugo</p>	<p>CONTACTO Emilio Mesías Farias ☎ 626 78 34 14 ✉ cali@cali.gal</p>
CAN CUN QUINQUÉ	<p>ENDEREZO Rúa Pexigo de Abaixo, 29 15703 Santiago de Compostela, A Coruña</p>	<p>CONTACTO Leodan Rodríguez Casas ☎ 643 34 08 00 ✉ cancunquinque@gmail.com</p>
CÍA. AIDA COLMENERO DÍAZ	<p>ENDEREZO O Barco de Valdeorras, Ourense</p>	<p>CONTACTO Gerard Casas ☎ 616 99 45 09 ✉ aidacolmenerodiaz@gmail.com</p>

CLARA FERRAO DIZ	ENDEREZO Camiño Muíños, 75 36330 Vigo, Pontevedra	CONTACTO Clara Ferrao Diz ☎ 671 69 59 80 ✉ d.clarodanza@gmail.com
COLECTIVO DEXEITO	ENDEREZO Rúa Teixugueiras 27, 12L 36212 Vigo, Pontevedra	CONTACTO Pablo Vázquez / Saray Alonso ☎ 697 26 06 56 / 610 94 84 18 ✉ colectivodexeito@gmail.com
COLECTIVO GLOVO	ENDEREZO Ronda Fontiñas 129, 1ºB 27002 Lugo	CONTACTO Hugo Pereira ☎ 604 00 22 95 ✉ colectivoglovo@gmail.com
COLECTIVO LA VELETA	ENDEREZO	CONTACTO Marcia Vázquez ☎ 664 81 16 44 ✉ colectivolaveleta@gmail.com
CONSTANCE HURLÉ	ENDEREZO Rúa López Mora 83, 2Dcha Vigo, Pontevedra	CONTACTO Constance ☎ 620 56 41 87 ✉ distribucion.constancehurle@gmail.com
CRIS BALBOA	ENDEREZO Juan Flórez 59, 5º A Coruña	CONTACTO Cris Balboa ☎ 639 70 11 33 ✉ crisbalboardrodriguez@gmail.com
CRISTINA MONTERO	ENDEREZO Avda. Doctor Fleming, 175, 8º 15401 Ferrol (A Coruña)	CONTACTO Cristina Montero García ☎ 626 56 29 86 ✉ crismongar78gm@gmail.com
DANIEL RODRÍGUEZ CIA	ENDEREZO Portela do Souto, 27, Atios 36418 O Porriño, Pontevedra	CONTACTO Daniel Rodríguez ☎ 608 86 04 80 ✉ danielrf03@outlook.com

16-23 / 55

D - E

D'ELAS	ENDEREZO	CONTACTO
	Rúa Eira da Concha, 27, Santa Cruz 15179 Oleiros, A Coruña	Julia Laport Rivas ☎ 603 45 82 50 ✉ delasproduccion@gmail.com

DESFOGA	ENDEREZO	CONTACTO
	R/ Infantas, 1B, 1ºB 36630 Cambados, Pontevedra	Matías Daporta ☎ 634 51 23 14 ✉ desfoga.espacio@gmail.com

DETERMINADA COMPAÑÍA	ENDEREZO	CONTACTO
	Santiago de Compostela, A Coruña	Paula Quintas / Marta Alonso ☎ 669 25 83 84 / 658 78 25 64 ✉ ismo.cultura@gmail.com / info.paulaquintas@gmail.com

DISIDEN.CÍA	ENDEREZO	CONTACTO
	Vigo, Pontevedra	Marcia Vázquez ☎ 664 81 16 44 ✉ disiden.cia17@gmail.com

ELAHOOD	Rúa Eira da Concha, 2 15179 Oleiros, A Coruña	Julia Laport Rivas ☎ 603 45 82 50 ✉ produccion.elahood@gmail.com
----------------	--	---

ELVI BALBOA	ENDEREZO	CONTACTO
	Rúa da Paz 3 36960 Sanxenxo, Pontevedra	Elvi Balboa ☎ 670 32 44 63 ✉ elvibalboacia@gmail.com

ENÉSIMA	ENDEREZO	CONTACTO
	27324 Lugo	Bal Castro ☎ 634 48 42 98 ✉ enesimaescenicas@gmail.com

ET SUSEIA DANZA	ENDEREZO	CONTACTO
	Paredes de Laraño 29 15897 Santiago	Gustavo Couto ☎ 609 20 33 85 ✉ etsuseiadanza@gmail.com

EUDANZA	<p>ENDEREZO 36721 Caldelas de Tui, Pontevedra</p>	<p>CONTACTO Laura Llauder ☎ 629 64 53 02 ✉ laurallauder@yahoo.es</p>
EVA COMESAÑA	<p>ENDEREZO Rúa Camposancos, 274 36630 Vigo, Pontevedra</p>	<p>CONTACTO Eva Comesaña ☎ 660 78 83 76 ✉ eva.cs93@gmail.com</p>
EXIRE	<p>ENDEREZO A Coruña</p>	<p>CONTACTO Fany Vázquez ☎ 630 86 77 12 / 696 72 30 16 ✉ exirecia@gmail.com</p>
EXPERIMENTADANZA	<p>ENDEREZO Rúa Castiñeiros, 3 15704 Santiago de Compostela, A Coruña</p>	<p>CONTACTO Lisi ☎ 676 23 86 50 ✉ experimentadanza@yahoo.es</p>
FÉLIX FERNÁNDEZ	<p>ENDEREZO Rúa Faro Fisterra 11, 1º A A Coruña</p>	<p>CONTACTO Félix Fernández ☎ 636 46 20 39 ✉ felixfernandezx2@gmail.com</p>
FRAN SIEIRA, COMPAÑÍA DE DANZA	<p>ENDEREZO Lugar Espiñeirido 5 15969 Ribeira, A Coruña</p>	<p>CONTACTO Francisco Sieira González ☎ 605 08 93 41 ✉ fran@fransieira.com</p>
FURIA SOTELO	<p>ENDEREZO Amiadoso 65 32665 Allariz, Ourense</p>	<p>CONTACTO Vicente Conde ☎ 671 83 96 87 ✉ furiasotelocia@gmail.com</p>
IXA	<p>ENDEREZO Rúa Ecuador, 64 36203 Vigo, Pontevedra</p>	<p>CONTACTO Xián Martínez Miguel ☎ 662 29 95 75 ✉ martinezdemiguelx@gmail.com</p>

<p>JULIA LAPORT RIVAS</p>	<p>ENDEREZO Eira da Concha, 27, Santa Cruz 15179 Oleiros, A Coruña</p>	<p>CONTACTO Lilian Portela ☎ 610 10 68 08 ✉ julialaport@gmail.com</p>
<p>KIRENIA DANZA</p>	<p>ENDEREZO A Coruña</p>	<p>CONTACTO Kirenia Martínez Acosta ☎ 617 65 43 32 ✉ info@kireniadanza.gal</p>
<p>LABORATORIO ESCÉNICO</p>	<p>ENDEREZO A Coruña</p>	<p>CONTACTO Alba Fernández Cotelo ☎ 675 46 19 07 ✉ administracion@laboratorioscenicocoop.com</p>
<p>LA GUAJIRA</p>	<p>ENDEREZO Coronel Cerviño Núñez 2 15002 A Coruña</p>	<p>CONTACTO Ana Beatriz Pérez - Betty ☎ 650 68 15 56 ✉ laguajira523@gmail.com</p>
<p>LA MACANA</p>	<p>ENDEREZO Rúa Varela Silvari 28 2º 15001 A Coruña</p>	<p>CONTACTO Caterina Varela ☎ 670 27 98 05 ✉ info@lamacana.es</p>
<p>LAURA LLAUDER</p>	<p>ENDEREZO 36721 Caldelas de Tui, Pontevedra</p>	<p>CONTACTO Laura Llauder ☎ 629 64 53 02 ✉ laurallauder@yahoo.es</p>
<p>MARCIA VÁZQUEZ</p>	<p>ENDEREZO Vigo, Pontevedra</p>	<p>CONTACTO Lilian Portela ☎ 610 106 808 ✉ lilian@amarelo.es</p>
<p>MARTA ALONSO TEJADA</p>	<p>ENDEREZO Lugar de Quistiláns, 12 Ames, A Coruña</p>	<p>CONTACTO Marta Alonso ☎ 658 78 25 64 ✉ martaalonsotejada@gmail.com</p>

NELSON QUINTEIRO PRODUCCIÓN	ENDEREZO Rúa Beiramar, 62. Campelo 36995 Poio, Pontevedra	CONTACTO Nelson Quinteiro ☎ 647 64 74 04 ✉ nelson.quinteiro@gmail.com
NOA COVELO	ENDEREZO Avda Castelao 34, Pontearreas	CONTACTO Noa Covelo ☎ 652 57 51 75 ✉ noalohan@gmail.com
NOVA GALEGA DE DANZA	ENDEREZO Rúa Juan Castro Mosquera, 55, baixo 15005 A Coruña	CONTACTO Jaime Pablo Díaz Rodríguez ☎ 698 14 95 64 ✉ ngdproduccion@gmail.com
ÓSCAR COBOS COMPAÑÍA DE DANZA	ENDEREZO Santiago de Compostela, A Coruña	CONTACTO Óscar Cobos ☎ 605 37 02 52 ✉ oscarcobosciadedanza@gmail.com
PABLO VÁZQUEZ	ENDEREZO Teixugueiras 27 12L Vigo, Pontevedra	CONTACTO Pablo Vázquez Durán ☎ 697 26 06 56 ✉ vazquezduranpablo@gmail.com
PAULA QUINTAS CÍA.	ENDEREZO Rúa de Betanzos 19 3B Santiago, A Coruña	CONTACTO Paula Quintas ☎ 669 25 83 84 ✉ info.paulaquintas@gmail.com
PISANDO OVOS	ENDEREZO Rúa Rafael Alberti, 4, 2b 15172 Oleiros, A Coruña	CONTACTO Rut Balbís Calviño ☎ 607 64 28 09 ✉ pisandoovos@gmail.com
PROXECTO MORRIÑA	ENDEREZO Camiño Colexio de Reboreda 36818 Redondela, Pontevedra	CONTACTO Noelia Nuño ☎ 673 47 28 19 ✉ noenunovila@gmail.com

48-55 / 55

P - V

PUNTO Y WAACK	ENDEREZO Rúa Revolta, 5, 2D. Perillo 15172 Oleiros, A Coruña	CONTACTO Myriam González Sánchez ☎ 606 18 50 25 ✉ puntoywaack@gmail.com
RAQUEL FERRADÁS	ENDEREZO Rúa Areal, 74, 2 36201 Vigo, Pontevedra	CONTACTO Raquel Ferradás ☎ 654 39 61 91 ✉ raquelferravelo@gmail.com
SIL PRODUCCIONES - ARTES EN MOVIMIENTO	ENDEREZO Lugar Requeixo, 43. A Cancela 32161 Nogueira de Ramuín, Ourense	CONTACTO Mikel Aristegui ☎ 692 46 78 41 ✉ mikel@mikelaristegui.com
SÖA	ENDEREZO Rúa das Carretas 18 Santiago de Compostela, A Coruña	CONTACTO Lilian Portela ☎ 610 10 68 08 ✉ compania.soa@gmail.com
TANGO EN GALICIA	ENDEREZO Rúa Pilar, 8, 3º esq. 36203 Vigo, Pontevedra	CONTACTO Laura Beatriz Díez Daglio ☎ 677 39 98 61 ✉ tangoengalicia@hotmail.com
TANIT COBAS	ENDEREZO Rúa Rodrigo A. De Santiago, 52 15010 A Coruña	CONTACTO Lilian Portela ☎ 610 10 68 08 ✉ produccion@tanitcobas.art
TUATHA	ENDEREZO Rúa Rafael Alberti, 4, 2b 15172 Oleiros, A Coruña	CONTACTO Rut Balbís Calviño ☎ 607 64 28 09 ✉ pisandoovos@gmail.com
VACABURRA	ENDEREZO Santiago de Compostela, A Coruña	CONTACTO Andrea Quintana / Gena Baamonde ☎ 650 06 85 40 / 654 14 64 01 ✉ info.vacaburra@gmail.com



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAS



CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO